



Facultade de Xeografía e Historia

Grao en Historia da Arte

Curso 2021/2022

Traballo de Fin de Grao

Arquitectura altomedieval en Portugal.

Construción e reconstrución

Autor:

Antonio Gómez Vázquez

Titora académica:

Marta Cendón Fernández

Resumo

Galego

O presente traballo consta de dúas partes diferenciadas. En primeiro lugar procúrase facer unha aproximación á realidade arquitectónica na alta Idade Media en territorio portugués. Abórdanse debates historiográficos, estilísticos e terminolóxicos como a cuestión mozárabe ou o termo «reconquista». Alén disto, tamén se tratan obras concretas do patrimonio conservado, como São Frutuoso de Montélios, São Pedro de Lourosa ou São Pedro de Balsemão. A segunda parte trata as restauracións «en estilo» que o *Estado Novo* executou sobre o devandito patrimonio altomedieval, e como afectaron tanto ó seu estado actual como ó estudo do mesmo.

Palabras clave: Arquitectura altomedieval, prerrománico, arte portugués, Estado Novo, restauracións en estilo.

Português

O presente trabalho consiste em duas partes diferenciadas. Em primeiro lugar procura-se fazer uma aproximação à realidade arquitectónica no território português da alta Idade Média. Abordam-se debates historiográficos, estilísticos e terminológicos, como a questão moçárabe ou o termo «reconquista». Além disto, tratam-se também obras concretas do património conservado, como São Frutuoso de Montélios, São Pedro de Lourosa ou São Pedro de Balsemão. A segunda parte trata as restaurações «estilísticas» que o Estado Novo realizou sobre o citado patrimonio altomedieval, e como tenhen afetado tanto no seu estado atual como no estudo do mesmo.

Palavras Chave: Arquitectura altomedieval, pré-românico, arte português, Estado Novo, restauracións en estilo.

Castellano

El presente trabajo consta de dos partes diferenciadas. En primer lugar se busca una aproximación a la realidad arquitectónica en el territorio portugués de la alta Edad Media. Se abordan debates historiográficos, estilísticos y terminológicos, como la cuestión mozárabe o el término «reconquista». Además de esto se tratan obras concretas de

Arquitectura altomedieval en Portugal. Construcción e reconstrucción

Antonio Gómez Vázquez

patrimonio conservado, como como São Frutuoso de Montélios, São Pedro de Lourosa o São Pedro de Balsemão. La segunda parte trata de las restauraciones «en estilo» que el *Estado Novo* realizó sobre el mencionado patrimonio altomedieval, y como han afectado tanto su estado actual como el estudio del mismo.

Palabras clave: Arquitectura altomedieval, prerrománico, arte portugués, Estado Novo, restauraciones en estilo.

English

This work consists of two distinct parts. Firstly, it approaches the architectural reality of the early Middle Ages in Portuguese territory. It deals with historiographical, stylistic and terminological debates, such as the Mozarabic matter or the term ‘reconquest’. In addition, specific works of preserved heritage, such as São Frutuoso de Montélios, São Pedro de Lourosa or São Pedro de Balsemão, are dealt with. The second part deals with the restorations ‘in style’ that the Estado Novo carried out on the aforementioned early medieval heritage, and how they have affected both its current state and the study of it.

Keywords: Early Medieval Architecture, Portuguese Medieval Art, São Frutuoso de Montélios, São Pedro de Lourosa, Estado Novo, Restorations in Style.

Índice

1. Introducción	5
1.1. Obxectivos	5
1.2. Metodoloxías	5
2. Arquitectura altomedieval en Portugal, unha visión xeral	6
2.1. Contexto histórico	6
2.2. A «Reconquista»	13
2.3. A cuestión mozárabe	15
2.4. Exemplos de arquitectura altomedieval conservada	18
2.4.1. São Frutuoso de Montélios	18
2.4.2. São Pedro de Balsemão	23
2.4.3. São Pedro de Lourosa	24
3. As restauracións do XX e as súas problemáticas	26
3.1. O <i>Estado Novo</i> : Contexto histórico e marco ideolóxico	26
3.2. A labor da DGEMN e as restauracións “en estilo” na época de Salazar	29
3.2.1. Exemplos	33
3.2.2. Consecuencias	39
4. Conclusións	39
5. Bibliografía	40
6. Anexo fotográfico	43

1. Introducción

Portugal é un país co que sempre sentín unha conexión especial. Tanto pola súa proximidade tanto física e cultural como lingüística, nunca o percibín como unha terra estranxeira ou allea. É precisamente por iso que tomei a decisión de xuntar dúas das miñas paixóns, a arte altomedieval e maila cultura portuguesa neste traballo.

Alén disto, penso que dende esta beira do Miño temos frecuentemente virado as costas ós nosos veciños do sur, a nivel xeral pero tamén no tocante á investigación académica histórico-artística. Como consecuencia diso, con este traballo busco, dende a miña humilde posición, facilita-lo achegamento a unha parte da historia da arte que penso que moitas veces esquecemos aínda que pola realidade política do momento é compartida.

1.1. Obxectivos

Dende un punto de vista máis académico, este traballo busca ser unha aproximación xeral á realidade artística da Alta Idade Media en territorio portugués na que nos centramos principalmente en dous exemplos: São Frutuoso de Montélios e São Pedro de Lourosa. Ademais, abárcase o contexto histórico do Portugal altomedieval e os debates académicos e terminolóxicos que xorden do estudo do mesmo, como os conceptos de «reconquista» ou de «arte mozárabe».

Emporiso, vai máis alá, xa que a realidade do estado do patrimonio conservado fixo case obrigatorio engadir un apartado que explicase un feito fundamental: as restauracións «en estilo» realizadas no século XX baixo o contexto da ditadura de Salazar. Profundízase tamén nas causas políticas, históricas e culturais que motivaron ditas reconstrucións, así como o seu desenvolvemento concreto e como teñen afectado tanto ó patrimonio como ó seu estudo e interpretación.

1.2. Metodoloxía

Este traballo parte dunha extensa análise bibliográfica combinada cun certo grao de traballo de campo, cando a proximidade dos monumentos citados o permitía. Mediante o método comparativo e a citada base bibliográfica tense realizado unha análise tanto da forma como da evolución dos edificios. O feito de falarmos de alta Idade Media e da

consecuente unidade política do territorio nordés da península, hoxe dividido nos estados español e portugués, permitiu establecer relacións formais entre monumentos a ambos lados da fronteira.

Por último, a partir das teorías da restauración do patrimonio e do contexto socio-histórico da ditadura portuguesa, analízanse os factores políticos e ideolóxicos que motivaron as agresivas reconstrucións sufridas polo patrimonio portugués medieval durante o Salazarismo.

2. Arquitectura altomedieval en Portugal, unha visión xeral

2.1. Contexto histórico

A partir do século III o Imperio Romano comeza unha lenta decadencia que conducirá á disolución da súa parte occidental no ano 476. Nesa época, e diante dunha serie de circunstancias adversas¹ o emperador Diocleciano (que chega ó poder no ano 284) leva a cabo unha serie de reformas destinadas a combater estes problemas. En primeiro lugar establece un sistema de sucesión hereditaria destinado para evita-la proliferación de pronunciamentos militares. Ademais, reforza a presenza de tropas nas fronteiras, o que permitiu ó Imperio mante-los seus territorios. Porén, estas reformas non sobreviviron e o sistema sucesorio proposto polo emperador non evitou a guerra civil comezada no ano 306 que rematou co ascenso ó poder de Constantino no ano 324 como cabeza do imperio unificado.

Este emperador fixo unha serie de importantes mudanzas na estrutura política e social do Imperio. A nivel político e administrativo, destaca o traslado da capitalidade do imperio de Roma a unha antiga cidade de fundación grega, Bizancio, que pasará a chamarse Constantinopla. Con Teodosio (no 395) o Imperio fica dividido en dúas partes: a occidental, con capital en Roma (que lega ó seu fillo Honorio) e a oriental, en Constantinopla (que deixa ó seu fillo Arcadio). Esta decisión acentuou as diferenzas que

¹ Martín, J. L. (1988). *La península en la Edad Media*. Editorial Teide. p. 17. Fálanos de problemas internos, xunto con derrotas militares nas fronteiras do Imperio. A decadencia dun dos principais sistemas de obtención de escravos (campañas no exterior) leva a una crise de produción xeneralizada. Medra o sentimento de inseguridade e o Imperio militarízase.

xa existían entre ambos territorios, que comezaron un distanciamento moi importante. A parte oriental prosperou mentres que a occidental seguiu o seu inevitábel declive.

Tamén se acentuou nesta época, especialmente no occidente, a mobilidade cara ó sur dos pobos xermánicos, especialmente a comezos do século V. De tódolos pobos xermánicos que atravesaron as *limes* do Imperio destacamos ós Suevos, por ter sido os que se asentaron primeiro na península, e os que formarán o primeiro estado xermánico no territorio anteriormente romano.

Estes suevos pertencen a unha serie de pobos xermánicos que en orixe habitaban o centro de Europa. Chegan á península en torno ó ano 410, fundamentalmente empuxados pola expansión na súa rexión de orixe dos hunos, un pobo moi guerreiro, e aséntanse no noroeste, na provincia romana de Gallaecia, formada por Diocleciano. Esta era unha rexión afastada, illada e en grande medida esquecida. Os suevos teñen en principio o beneplácito das autoridades romanas da época, que os vían como aliados fronte á ameaza vándala. Asinan un *foedus pacis*² que en principio limitaba ós seus asentamentos ó *Conventus*³ *Bracarensis*⁴.

Toman o control do territorio, algo que se fai efectivo trala expulsión dos vándalos ó norte de África, pero non impoñen a súa cultura, por mor da súa inferioridade numérica respecto ó substrato poboacional galaicorromano⁵, ademais de por estaren máis interesados na efectiva consolidación do reino. Aproveitan para o seu asentamento a notábel desorganización da sociedade galaicorromana, ademais do descontento das clases populares cas autoridades e as tensións relixiosas que existían entre a igrexa católica e os priscilianistas, con grande presenza na zona⁶.

² Loring, M^a Isabel et. Al. (2007) *La Hispania Tardorromana y Visigoda (siglos V-VII)*. Ed. Síntesis, Madrid. p. 98.

³ O *Conventus Bracarensis* era unha das divisións administrativas nas que se dividía a provincia de Gallaecia, e cuxa capital era a cidade de *Bracara Augusta*, hoxe Braga. O seu límite septentrional situábase aproximadamente á altura da Ría de Vigo, (aínda que existe debate acerca de se o Morrazo formou ou non parte del) e o meridional no Douro. Alén deste, os outros dous *Conventus* que conformaban Gallaecia eran o *Lucensis* e mailo *Asturicensis*, cas súas respectivas capitais nas actuais cidades de Lugo e Astorga.

⁴ Anexo fotográfico (Fig. 1)

⁵ Segundo M^a Isabel Loring (2007) p. 98. os Suevos que chegan á Gallaecia non serían máis de 25.000 (apenas un tercio da poboación local da época) dos cales apenas 5000 serían guerreiros.

⁶ Loring, M^a Isabel Et Alt. (2007) *La Hispania Tardorromana y Visigoda*. p. 100.

Non contamos (nas primeiras fases do asentamento suevo) con documentación propia dos xermanos. A principal fonte de información é a breve crónica de Hidacio (ou Idácio), bispo galaicorromano de *Aquae Flaviae* (actualmente a localidade transmontana de Chaves). Dita crónica denuncia o abandono da rexión galaica por parte das autoridades romanas e a inacción destas fronte ós ataques dos suevos ás institucións e aristocracia autóctona⁷.

A labor de Hidacio no ficou só na súa obra escrita. El mesmo viaxa á fronteira do Rin para se reunir co xeneral Aecio, que batallaba cos francos na Galia. Mesmo chegou a enviarse a un legado, Censorino, á cidade de Rávena (que pasara a ser capital do Imperio de Occidente) para tentar chegar a un pacto favorábel cos galaicorromanos, mais sen resultados satisfactorios⁸. A crónica de Hidacio remata no ano 469, e non hai fontes do reino suevo ata case un século despois, aproximadamente no 550⁹.

Poderíamos falar extensamente da situación relixiosa na monarquía sueva, un tema que acadou o interese de moitos investigadores¹⁰. Sobre esta cuestión sinalaremos que, maila o confuso do período, destacou o conflito entre as bases pagás con presenza residual (fundamentalmente no rural), o arrianismo (cuxo impulso ven fundamentalmente dos xermánicos) e a igrexa católica¹¹.

A conversión dos suevos ó catolicismo está ligada á figura de Martiño de Braga (ou de Dumio), un monxe de orixe centroeuropea (probabelmente panónica) que chega a Hispania e en concreto á *Gallaecia* en torno ó ano 550. Varias crónicas da época relatan a súa chegada do seguinte xeito: o fillo do monarca do momento, Carrarico, estaba gravemente enfermo, e Martiño chega xunto con reliquias de Martín de Tours para cura-

⁷ Díaz, Pablo. (2011). *El Reino Suevo (411-585)*. Ed. Akal. 3ª Edición, Madrid 2020. p. 36.

⁸ Loring, Mª Isabel Et Alt. (2007) *La Hispania Tardorromana y Visigoda*. p. 100.

⁹ González Salinero, Raúl (2017) *Introducción a la Hispania visigoda*. Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED) Madrid. p. 27.

¹⁰ Destacámo-las obras seguintes: Díaz, P. C. (2000). *El reino suevo de Hispania y su sede en Bracara*; Isla Frez, Amancio (1992) *La sociedad gallega en la Alta Edad Media*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) Madrid.

¹¹ NÚÑEZ, M. (1978). *Arquitectura Prerrománica*. Historia da Arquitectura Galega. Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG). p. 30.

la súa doenza. Coa recuperación do fillo do rei, Martiño gáñase o favor deste monarca, e tanto el como a súa corte abandonan o arrianismo en favor da fe católica¹².

Este monxe tivera viaxado por numerosos lugares do leste europeo e o Imperio Bizantino, polo que era probabelmente bo coñecedor da relixiosidade eremítica oriental¹³. Con este trasfondo, e co favor da monarquía, funda a sede de Dume (ou Dumio), a apenas 3km da cidade de Braga, onde manda construí-la Basílica de Dume. Da fábrica orixinal prerrománica apenas conservamos unhas poucas evidencias arqueolóxicas a día de hoxe. Porén, cómpre menciona-la súa existencia, xa que serviu como inspiración máis que probábel para outras construcións altomedievais da zona, fundamentalmente São Frutuoso de Montélios. Martiño de Dume¹⁴ foi bispo da sede homónima dende a súa creación ata o ano 569. Posteriormente —e até a súa morte no ano 579— foi bispo de Braga¹⁵.

Sobre a validez desta versión da conversión dos Suevos ó catolicismo existen opinións moi diversas. Núñez sinala que, máis alá da versión contada anteriormente, que parece en parte fantasiosa, a conversión oficial do reino a unha única fe semellaba algo moi necesario¹⁶. A unidade do reino era unha defensa fronte ós numerosos intentos expansionistas do veciño reino visigodo. Pola súa parte, maila que Gregorio de Tours si menciona a Carrarico como responsábel da conversión, Isidoro de Sevilla asegura que dita conversión non se produce ata a chegada ó trono de Theudemiro. Para complicar-las cousas aínda máis, hai quen asegura que Carrarico e Theudemiro foron a mesma persoa, mentres outros din que houbo dúas conversións, unha con cada rei¹⁷.

Pablo C. Díaz propón unha tese moi interesante, segundo a cal a chegada de Martiño á Gallaecia, máis que unha motivación puramente relixiosa obedece a unha

¹² Ídem p. 40.

¹³ Ídem

¹⁴ Todo indica que a denominación portuguesa dos días da semana como *feiras* ten ligada a súa orixe á figura deste relixioso, que evitaría deste xeito a tradicional terminoloxía pagana.

¹⁵ Os obispados de Dume e Braga compartían bispo en moitas ocasións, por mor da súa proximidade xeográfica (apenas uns 3km) e una estreita relación que a día de hoxe non fica moi clara para moitos historiadores. (Isla Frez, Amancio, 1992). p. 11.

¹⁶ Núñez, M. (1978) *Arquitectura Prerrománica*. p. 41.

¹⁷ Ídem p. 37.

motivación política. Propón que este personaxe era un enviado do Imperio Bizantino, ó que interesaba ter un aliado na outra punta do continente europeo, á beira do Reino Visigodo, un importante bastión arriano¹⁸.

Sexa cal fo-la teoría correcta sobre a decisión de adopta-lo catolicismo, o único que parece estar claro é que sobre estas datas produciuse unha rápida unificación entre a igrexa católica e a monarquía, ademais da expansión da xerarquía eclesiástica no Reino Suevo. Evidencia disto son os numerosos concilios convocados, dos que destacan os de Braga do ano 561 e 572. Destaca este último xa que como consecuencia del redáctase a *Divisio Theudemiri* ou Parroquial Suevo, un acta que recolle a organización eclesiástica do reino, cas súas sedes metropolitanas e as dependentes delas. Fica ademais reflexada a expansión sueva cara ó sur mediante a anexión de sedes anteriormente pertencentes a Mérida a Braga¹⁹.

Outra das grandes obras de Martiño de Dumio foi a *Formulae Vitae Honestae*. Nela o prelado —froito da súa formación e profundos coñecementos na tradición bizantina— fala da formación dunha monarquía ó estilo de Bizancio, cun monarca belicoso cunha política expansionista de gloriosas conquistas que é á vez un firme defensor da Igrexa e da fe católica. Adícalla ó rei Mirón, sucesor de Teodomiro, mais por mor da conquista visigoda estas ambicións fican truncadas²⁰.

No ano 585 trala conquista visigoda do Reino Suevo, este fica anexionado como unha rexión máis dun reino maior. Braga perde, polo tanto o seu rango de capital, mais non o de sede episcopal. A súa importancia como centro relixioso segue a ser destacábel. Malia os visigodos seren arrianos, a maior parte do substrato poboacional da península era católico. Estes xermanos decátanse de que a mellor forma de conseguir unha sociedade cohesionada era mediante unha unificación relixiosa. O rei Recaredo

¹⁸ Díaz, Pablo. (2011). *El Reino Suevo (411-585)*. p. 221.

¹⁹ Isla Frez, Amancio (1992) *La sociedad gallega en la Alta Edad Media*. p. 10.

²⁰ González Salinero, Raúl (2017) *Introducción a la Hispania visigoda*. p. 31.

convértese máis ou menos nesta época ó catolicismo, e no III Concilio de Toledo do ano 589 afirmase de maneira oficial esta conversión e condénase o arrianismo²¹.

Neste contexto de dominio visigodo xorde a figura de San Frutuoso. A maior parte da información que temos acerca da súa vida é a biografía que San Valerio escribe del, para, fundamentalmente, reivindicar-las súas virtudes como home santo. Sabemos que naceu preto de Astorga, no Bierzo, e que estudou na escola da Catedral de Palencia. Fundou numerosos mosteiros por todo o noroeste peninsular, fundamentalmente na actual Galiza, e chega a Braga como bispo de Dume no ano 653, dende onde accede despois ó bispado de Braga. Sabemos que Frutuoso foi un home coñecedor das tradicións cenobíticas orientais, probablemente de forma directa, e iso pode ter sido un factor determinante para a súa labor como impulsor do monacato dentro da monarquía visigoda. Escribe a *Regula Monachorum*, onde expón a súa concepción do monacato, de clara influencia oriental e asceta. Preocúpase máis pola ascética dos monxes dentro da cela que da vida comunitaria, en contraposición a outros modelos monacais como os beneditinos ou os isidorianos. Segue en grande medida a estela de Martiño de Dumio. A súa influencia seguirá latente bastante tempo despois da súa morte no 665, fundamentalmente no ámbito monástico. Porén, non podemos afirmar que dita influencia ficou só alí, xa que o III Concilio de Braga conta cuns preceptos de austeridade e ascetismo que son con case total seguridade unha extensión da súa obra²².

Por último, cómpre mencionala fin do Reino Visigodo coa chegada do Islam á Península no ano 711. Esta conquista xorde nun contexto de guerra civil pola sucesión ó trono visigodo entre os partidarios do monarca electo, Rodrigo e mailos parentes do anterior rei, Witiza²³. Paralelamente, o Islam tiña avanzado dun xeito extraordinariamente rápido dende o núcleo en Arabia, e para estas datas os exércitos musulmáns tiñan conquistado por completo o norte de África (*Ifriqiya*), ó vencer tanto ós nativos bérberes como ós bizantinos asentados na costa africana. Aínda que no 710 xa se producira unha incursión musulmá, é no 711 cando os exércitos capitaneados por Tariq ibn Ziyad entran

²¹ Ídem p. 82.

²² Núñez, M. (1978) *Arquitectura Prerrománica*. p. 63.

²³ González Salinero, Raúl (2017) *Introducción a la Hispania visigoda*. p. 145.

definitivamente na península. O rei Rodrigo, que se atopaba loitando no norte contra os vascóns, acude a loitar ó sur, pero morre en batalla. O reino visigodo de Toledo chegou deste xeito ó seu final. A conquista foi moi rápida e o dominio islámico ficou asentado en practicamente toda a península, maila que a intensidade da presenza musulmá foi desigual.

Os musulmáns que entraron na península no VIII dividíanse de xeito desigual en dous grupos: os bérberes e mailos árabes, dos cales eran estes últimos os que estaban nunha situación de privilexio. Dentro deste contexto de reparto do poder, os árabes asentáronse de xeito maioritario nas rexións máis ricas e desenvolvidas, mentres os bérberes ficaron relegados ás áreas máis afastadas. Unha destas rexións, na cornixa cantábrica, era a actual Asturias. Alí comezou a organizarse unha nova xerarquización social. Trala vitoria na Batalla de Covadonga (da que falaremos máis adiante) Pelaio, probabelmente un xefe local, ficaría coa lexitimidade social como para imporse dalgún xeito como unha especie de «monarca» local. Esta nova entidade política iría paulatinamente gañando relevancia e poder, entre outras causas polo descontento dos bérberes cos árabes. Isto fai que non podamos descartar un posíbel «desinterese» por parte dos devanditos bérberes para coas súas funcións nos territorios que ocupaban. Deste xeito, semella probábel que os andalusís remataran por abandona-lo noroeste peninsular²⁴.

En resumo, a monarquía asturiana parece xurdir como consecuencia do matrimonio da filla de Pelaio con Pedro, un *Dux* cántabro; desta unión naceu Alfonso I. A partir del a sucesión monárquica está ben documentada²⁵.

Con respecto ó territorio portugués, alén das construcións eclesiásticas (tema que trataremos posteriormente) a influencia asturiana é patente nas mudanzas que sofre a cidade de Braga nos séculos IX e X. A integración da cidade —xunto coa actual Galiza e o resto do norte portugués— á monarquía asturiana motivou a reforma do perímetro defensivo da cidade, feito que se traduciu na construción dun novo tramo de muralla ó

²⁴ Echevarría Arsuaga, Ana y Martín Viso, Iñaki (2019) *La Península en la Edad Media (700-1250)*. Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED) Madrid. p. 89.

²⁵ Ídem p. 93.

sur que enlazaba co xa existente, de xeito que a área urbana ficou reducida a apenas dezaseis hectáreas. Isto debeuse ás notábeis transformacións no tecido urbano da cidade, o abandono das estruturas romanas motivou a mudanza do centro urbano cara o nordeste (onde se atopaba a Sé Catedral). As novas infraestruturas defensivas non son máis que o reflexo da iniciativa rexia sobre os territorios incorporados²⁶. Porén, esta actividade construtiva e «restauradora» non se limitou só ós ámbitos civís e militares. Alén disto foron moitos os exemplos de edificacións relixiosas reconstruídas nos séculos IX, X e XI no seo da monarquía asturiana e, posteriormente, leonesa. Falaremos disto máis adiante.

2.2. A «Reconquista»

Tradicionalmente tense empregado o termo «reconquista» para referirse ó período de aproximadamente 780 anos que separa a chegada do Islam á Península Ibérica (711) e a conquista da cidade de Granada polos Reis Católicos no ano 1492²⁷.

Este termo presenta unha serie de connotación políticas moi marcadas, xa que é unha parte fundamental da construción do discurso nacionalista tanto español como portugués. Segundo esta interpretación, a «Reconquista» definiría unha longa e constante loita dos reinos cristiáns do norte peninsular por devolve-la unidade relixiosa á Península, e mesmo por recupera-la unidade política do antigo Reino Visigodo.

Dentro da construción dos nacionalismos español e portugués o catolicismo actúa como un dos principais elementos de identidade. Non resulta, por tanto, estraño, que tanto nun como no outro exista unha clara identificación con respecto ós reinos cristiáns medievais fronte ó elemento islámico, que se ve como un invasor e un inimigo. Isto leva a que, ó considera-la presenza islámica como algo foráneo e impropio, se esqueza na devandita construción de identidade as numerosas aportacións de case setecentos anos de presenza musulmá na Península.

²⁶ Fontes, L. (2012). *O Norte de Portugal entre os séculos VIII e X: balanço e perspectivas de investigação*. p. 7

²⁷ Esta é a concepción que tradicionalmente tense da Reconquista dende a óptica do Estado Español. Porén, dende Portugal considérase que a Reconquista remata no ano 1249, cando a última rexión dominada polos musulmáns, o Algarve, foi conquistada polo rei Afonso III «o Bolonhês».

A pesar de que la construcción de los estados nación de hoy está íntimamente ligada al desarrollo integral de su historia, existe una difundida visión que niega el legado andalusí como parte de esta construcción²⁸

Un dos principais fitos da chamada «Reconquista» é a Batalla de Covadonga, cuxa cronoloxía é debatida entre o 718 e o 711. Nela, os exércitos asturianos liderados por Pelairo derrotaron ós musulmáns, feito que foi tomado como primeira vitoria dos cristiáns sobre os musulmáns na Península, e inicio do proceso da «Reconquista». A mitificación deste acontecemento vense a producir dende a época da monarquía asturiana, que toma a devandita batalla como fito fundacional da súa liña dinástica e por extensión da súa lexitimidade como reino. A Crónica Rotense de Afonso III de Asturias describe un enfrontamento masivo, no que terían falecido aproximadamente 200.000 musulmáns. Relata tamén un feito milagroso, no que a Virxe da cova de Covadonga tería protexido ás tropas asturianas. Tamén se presupón nesta crónica a Pelairo como descendente da nobreza visigoda, algo que cadra coa vontade dos asturianos por se considerar continuadores e herdeiros do Reino Visigodo²⁹.

Secasí, este relato está a día de hoxe amplamente desmentido pola historiografía. O máis probábel é que o feito, se ben tería acontecido, non tería sido unha batalla, máis ben un pequeno enfrontamento sen maior relevancia. Testemuña disto son fontes árabes que apenas nomean un pequeno enfrontamento illado. Ademais, resulta pouco probábel que Pelairo sexa de ascendencia xermánica e todo apunta a que era un nativo asturiano de certa importancia na súa comunidade, mais de rango concreto descoñecido³⁰.

Tradicionalmente la Reconquista se ha venido asociando a la actividad de un puñado de nobles visigodos refugiados en las montañas en el momento de la invasión musulmana. [...] Ni en Cangas de Onís [...] ni en Pamplona ni en el Pirineo los visigodos asumen el papel protagonista de la llamada Reconquista. Esta se presenta [...] como el resultado de las tendencias expansivas generadas en el seno de sociedades que habitaban la franja montañosa del norte de la península. 31

Con respecto á suposta «unidade cristiá» fronte ó «invasor» islámico, cómpre lembrar que pouco teñen que ver uns reinos cristiáns con outros, polo menos nas primeiras

²⁸ Blanco, Javier. (2019) *Al Ándalus y la distorsión interesada de la Historia*. El Orden Mundial

²⁹ Echevarría Arsuaga, Ana y Martín Viso, Iñaki (2019) *La Península en la Edad Media (700-1250)*. p. 89.

³⁰ Ídem

³¹ Mínguez Fernández, J. M. (1989). *La reconquista*. Historia, 16. p. 11.

fases do seu desenvolvemento. Se ben no noroeste peninsular a acción expansionista cara ó sur (e por tanto, sobre territorio musulmán) xurde como iniciativa propia dunhas monarquías recentemente establecidas, na parte oriental este proceso obedece máis á influencia carolinxia que dominaba nun principio estes territorios do nordeste peninsular³².

En conclusión, a devandita «Reconquista» non é máis que unha interpretación interesada e simplista dun proceso histórico de case oito séculos de duración, empregada con fins de xustificación política e nacionalista dende a época da monarquía asturiana até os fascismos ibéricos do XX, pasando polos nacionalismos decimonónicos. Porén, dende hai xa un tempo, existe unha tendencia dende a historiografía a matizar ou directamente rebate-lo concepto de «Reconquista» como un termo válido para referirse á realidade ibérica medieval. Houbo mesmo unha petición³³ á Real Academia Española para mudala definición do termo a unha máis adecuada ca liña científica actual. Propoñen pasar disto: «2. f. por antonom. Recuperación del territorio hispano invadido por los musulmanes en 711 d. C., que termina con la toma de Granada en 1492.» a isto: «2. Hist. Noción historiográfica correspondiente a una ideología legitimante de la expansión y conquista de los poderes cristianos peninsulares sobre territorio musulmán»³⁴.

2.3. A «cuestión mozárabe»

O termo mozárabe aparece por primeira vez nos *Fueros de Toledo* no século XII³⁵, e fai referencia ós cristiáns que vivían en territorios dominados polo islam, pero que manteron a súa relixión. Polo tanto, as manifestacións artísticas adscritas a este grupo poboacional en territorios islamizados son, sen lugar a dúbidas, arte mozárabe.

O debate chega cando tentamos emprega-lo termo para designa-la realidade arquitectónica do norte peninsular nos séculos IX e X, especialmente aquela que non se

³² Ídem

³³ Carrasco Manchado, A.I; García Sanjuán, A. (2022) *Propuesta dirigida a la Real Academia Española (RAE) y a la Asociación de Academias de la Lengua Española (ASALE) para la reforma de la definición del término “Reconquista” en el Diccionario de la lengua española (DEL)*

³⁴ Ídem

³⁵ Melo, J. R. (2007). *Estudos sobre a Arte Moçárabe-O Estado da Questão*. p. 308.

pode catalogar estilisticamente como asturiana. Precisamente nesta época prodúcese unha grande expansión da monarquía asturiana, nun contexto de inestabilidade do goberno califal na Península, onde toman territorios como a actual Galiza e norte de Portugal até o Douro³⁶.

É nesta zona onde aparecen as representacións arquitectónicas que tradicionalmente veñen de se catalogar como «mozárabes». Estes edificios presentan unha serie de características e elementos que poderíamos relacionar con aqueles propios da arte islámica, polo que semella razoábel adxudicá-la súa autoría a aqueles grupos cristiáns que até o momento en que o territorio que habitaban foi conquistado polos asturianos, estaban baixo dominio musulmán (mozárabes). Hai autores como Gómez Moreno que novamente defenden a arte mozárabe no norte peninsular como aquela que corresponde á acción ou man de obra dos mozárabes que se trasladaron a estes territorios.

Aquí xorde a primeira disputa. Hai teóricos que ou ben matizan ou ben negan a influencia directa da arte islámica sobre estas construcións.

Este último error [a adscripción de influencias musulmás] viene de la equivocada tendencia a explicar como directa penetración de arabismo el singular carácter que ofrecen los productos de la cultura española, en lugar de entender este fenómeno [...] como reacción peculiar del sustrato hispánico ante la presencia de los «árabes»³⁷.

Por outra banda, existe a tendencia (hoxe en parte superada) de diferenciar entre arte mozárabe e arte de repoboamento. Un dos grandes defensores disto foi Isidro Bango Torviso que, a partir dos anos setenta do pasado século, propón falarmos de mozárabe só para as manifestacións cristiás en territorio musulmán. Deste xeito, cataloga a arquitectura dos séculos IX e X como «arte de repoboamento».

Existe, porén, unha terceira vía que dalgún xeito se resiste a caracterizar como un estilo diferente a arte do X. Para Paulo Almeida Fernandes, «a inexistência de

³⁶ Ídem. p. 313.

³⁷ García Romo, F. (1962). *Lo pre-musulmán (visigodo), lo hispano-musulmán y lo mozárabe en el arte*. Príncipe de Viana, 23(86), (p. 224). Esta cita pretende matiza-la influencia islámica sobre a arte do X, adxudicando as particularidades da arte hispánica máis ó considerado «autóctono» que á influencia musulmá, vista como «foránea». Debemos ter en conta o ano de publicación e maila situación política do Estado Español nesas datas, ademais do exposto acerca da negación do legado musulmán nas tradicionais historiografías española e portuguesa no punto 2.2.

individualidade estilística é uma das características essenciais da arte cristã peninsular realizada ao longo dos séculos X e XI»³⁸.

M^a Dolores Barral Rivadulla propón a utilización do termo «arquitectura do século X», e defende a súa postura da seguinte forma:

Casi siempre se ha etiquetado el arte de este siglo [X] bajo los calificativos de arte mozárabe o arte de repoblación, términos aplicados incluso de manera indistinta. Sin embargo, ambas expresiones no son iguales. Hoy en día se considera mozárabe el arte vinculado a los cristianos en territorio musulmán, por lo que tan sólo puntuales ejemplos pueden considerarse como tales. Frente a esta expresión artística estaría la que podría denominarse arquitectura cristiana hispana o simplemente arquitectura del siglo X. Una denominación que evita el término «repoblación» al estar en revisión su aplicación como concepto histórico³⁹.

Por último, considero relevante menciona-la proposta de Artemio M. Martínez Tejera⁴⁰. Para este autor, o termo apropiado para referímonos ás expresións arquitectónicas de finais do primeiro milenio e comezos do segundo é «arquitectura de fusión». Defende que a orixe desta peculiar arquitectura está nunha sociedade profundamente heteroxénea e plural, unha realidade «políticamente silenciada por los textos cristianos pero no por los musulmanes»⁴¹. A arquitectura do momento tería detrás unha notábel participación directa de man de obra islámica, tanto obradoiros itinerantes como artistas conversos ou ben escravos; moito máis que a suposta participación dos «mozárabes», termo que se somete á unha profunda e exhaustiva revisión:

No se trata de una simple disputa terminológica: el término «mozárabe», como ya indicaron José Camón y Joaquín Yarza, empobrece, limita y manipula su verdadero significado histórico-artístico. Ciertamente los términos prácticos son ventajosos y útiles en la medida en que todo el mundo tiene pleno conocimiento de su significado, pero este no es «históricamente correcto». Estas manifestaciones arquitectónicas se mueven en unas coordenadas geo-humanas muy precisas, de auténtica simbiosis; en ningún caso se puede seguir denominando «mozárabes» a unas fábricas constructivas supuestamente elaboradas

³⁸ Almeida Fernandes, Paulo (2002) *A igreja pré-românica de São Pedro de Lourosa* recuperado de Melo, J. R. (2007). *Estudos sobre a Arte Moçárabe-O Estado da Questão* p. 320.

³⁹ Rivadulla, M. D. B. (2009). *Diálogos artísticos en el siglo X. La imagen arquitectónica de San Miguel de Celanova*. Cuadernos de Estudios Gallegos, 56(122), 93-111. p. 96.

⁴⁰ Martínez Tejera, A. (2011). *La arquitectura cristiana del siglo X en el reino de León (910-1037): de “mozárabe” a “arquitectura de fusión”*. *Antigüedad y Cristianismo*, (28), 163-229.

⁴¹ Ídem p. 213.

por unas comunidades que no tuvieron tal denominación en la época histórica en la que nos movemos⁴².

2.4. Exemplos de arquitectura conservados

No territorio que hoxe en día pertence ó estado portugués os exemplos de arquitectura altomedieval non son excesivamente abundantes, mais si profundamente interesantes e relevantes dende un punto de vista histórico-artístico. Neste apartado trataranse unha serie de exemplos, ordenados pola súa localización de norte a sur, debido as inexactitudes respecto á súa datación. Por último, cómpre aclarar que practicamente tódolos exemplos aquí tratados sufriron profundas e agresivas intervencións restauradoras no século XX, que alteraron en grande medida o seu aspecto e fisionomía. Á hora de analizármolos terase en conta o seu aspecto actual post-restauración. Porén, no seguinte apartado falarase máis polo miúdo das intervencións que sufriron as devanditas obras.

2.4.1. São Frutuoso de Montélios⁴³

Trátase dunha construción de reducidas dimensións sita na *freguesia* portuguesa de Real, na periferia da cidade de Braga. Maila súa cronoloxía estar bastante discutida, a teoría máis aceptada a día de hoxe é a que a sitúa no século VIII. A capela ten sido tradicionalmente relacionada coa figura de san Frutuoso, bispo visigodo de Braga.

Se nos centramos na descrición artística, obsérvase un templo de cruz grega⁴⁴ cun cruceiro elevado a modo de ciborio cuberto con cúpula sobre pendentes⁴⁵. Tres dos catro brazos contan con testeiro recto ó exterior e planta de ferradura no interior, con restos que semellan indica-la presenza dunha columnata⁴⁶ que dividiría o espazo en dous a modo de «deambulatorio», aínda que empregar esa palabra cando falamos dun espazo tan reducido non concorda completamente. A transición entre os brazos e o cruceiro faise a través dunha tripla arcada de ferradura⁴⁷, co arco central máis ancho e alto que os laterais, que

⁴² Ídem p. 150.

⁴³ Aínda que xa se aclara no apartado 3, de xeito xeral a única parte orixinalmente altomedieval da estrutura correspóndese co cruceiro. Por outra banda, nos anexos (poner cal) hai unha descrición artística do monumento máis polo miúdo.

⁴⁴ Anexo fotográfico (figs 2 e 3).

⁴⁵ Anexo fotográfico (fig. 4).

⁴⁶ Anexo fotográfico (fig. 5).

⁴⁷ Anexo fotográfico (fig. 6).

se apoia sobre dúas columnas con capiteis corintios. Nos muros, á mesma altura dos capiteis, un ancho friso⁴⁸ replica os motivos vexetais dos mesmos e percorre os devanditos muros por practicamente tódala extensión da capela. O brazo leste serve como entrada e atópase encastado á igrexa de São Jerónimo de Real, de época barroca⁴⁹. O exterior destaca pola súa sobriedade. Os motivos decorativos baséanse na repetición seriada de arcos de medio punto e mitrados, parcialmente afundidos no muro, coa única licenza decorativa duns pequenos frisos con motivos de sogueado⁵⁰. Cómpre, ademáis, menciona-la presenza dun arcosolio⁵¹, así como dos frontóns nos remates dos brazos. Secasí, o aspecto exterior obedece case na súa totalidade á restauración da DGEMN.

A nivel académico, São Frutuoso de Montélios ten levado a múltiples discusións, fundamentalmente en dous ámbitos: a súa cronoloxía e a súa clasificación estilística. Se nos centramos primeiro na cuestión cronolóxica, hai teorías que datan a construción do monumento en diferentes momentos entre os séculos VII e X. No que respecta á súa filiación estilística, as principais hipóteses propostas son a súa orixe visigótica, «mozárabe» ou ben bizantina.

En principio, todo parece indicar que esta obra foi edificada no século VII, durante a vida de Frutuoso, coa finalidade de servir como mausoleo. É aquí onde xorden as primeiras disputas.

O principal argumento empregado polos defensores da orixe «mozárabe» do monumento e maila súa datación tardía (séculos IX ou X) é que, de ter existido un monumento visigótico da importancia simbólica deste, dificilmente podería ter sobrevivido ós ataques musulmáns. Alén disto, para Miguel Carrilho da Silva Pinto os arcos de ferradura do interior son máis propios da arquitectura do século X que daquela visigoda⁵². Existe⁵³, porén, un exemplo visigodo moi semellante na disposición da triple

⁴⁸ Anexo fotográfico (fig. 7).

⁴⁹ Anexo fotográfico (fig. 8).

⁵⁰ Anexo fotográfico (fig. 9).

⁵¹ Anexo fotográfico (fig.10).

⁵² Ferreira, R. (2012). *A Capela de São Frutuoso. Elementos para o seu estudo e comprensión*, p. 288.

⁵³ Ídem

arcada de ferradura: a Cripta de San Antolín da Catedral de Palencia⁵⁴, onde, segundo a súa biografía, tería estudado o propio Frutuoso.

Hai quen sinala unha posíbel influencia oriental na obra, ó relacionala fundamentalmente con mausoleos paleocristiáns ou tardoantigos. A referencia máis clara e evidente a que podemos remitirnos é o Mausoleo de Gala Placidia, en Rávena, que foi construído en torno ó ano 430. Son moitas as similitudes con esta edificación, especialmente na súa volumetría exterior e na súa planta⁵⁵. Malia que, de primeiras, a enorme distancia que separa ambos edificios podería facernos descartar esta relación formal, cómpre lembra-los profundos coñecementos que tanto Martiño de Dumio como Frutuoso tiñan da tradición oriental.

Sérgio da Silva Pinto denomina⁵⁶ en 1960 a Montélios como «a igreja mais bizantina da Península», e sitúa a súa construción entre os séculos IX e XI, xa que para este autor a súa cúpula sobre pechinas e ménsulas non pode ser do VII. Porén, Theodor Hauschild oponse a Pinto e replica que hai exemplos de solucións construtivas similares á da cúpula de Montélios noutras igrexas de época visigoda como Santa Comba de Bande⁵⁷.

Se falamos de São Frutuoso de Montélios é importante menciona-la presenza da Basílica de Dume, non só pola súa proximidade xeográfica (distan tan só oitocentos metros en liña recta unha da outra), se non polas súas innegábeis semellanzas construtivas e tipolóxicas. Do mesmo xeito que a influencia de Martiño de Dume sobre Frutuoso quedou demostrada anteriormente, xa que Frutuoso era evidentemente coñecedor da vida e obra deste outro relixioso que vivira no século anterior, resulta difícil de crer que a construción de Dume non influíu na de Montélios. En Dume apreciamos unhas dimensións moito maiores que na pequena capela de S. Frutuoso, probabelmente debido á súa edificación por iniciativa real, como símbolo do poder da monarquía sueva, alén de

⁵⁴ Anexo fotográfico (fig. 11).

⁵⁵ Anexo fotográfico (fig. 12).

⁵⁶ Ferreira, R. (2012). *A Capela de São Frutuoso. Elementos para o seu estudo e comprensión*. p. 283.

⁵⁷ Rodrigues, J. M. D. O. (2016). *The mausoleum of Saint Frutuoso near Braga, in Portugal, and the transit of Byzantine influences in early Middle Ages* p. 144.

símbolo da súa conversión ó catolicismo. Sinálase ademáis o seu probábel uso como capela palatina. As características formais que comparte con São Frutuoso de Montélios son moitas, pero destacarémo-lo corpo central cadrado que se elevaba sobre os demais, coroado por unha lanterna; e, máis importante, o feito de que o acceso entre este corpo central e os demais facíase nos catro lados por tres vanos cada un apoiados sobre dúas columnas. Consérvase, a nivel decorativo, un friso con decoración vexetal, semellante ao que aparece en Montélios⁵⁸.

Unha das teorías máis curiosas é a proposta por Carlos Alberto Ferreira de Almeida, que data o monumento entre finais do IX e comezos do X⁵⁹. Rexeita que esta sexa un mausoleo ou unha *cella memoriae* dedicada a San Frutuoso e indica que era unha sorte de santuario, no cal se gardaban reliquias nas súas ábsidas con planta de ferradura, ao abrigo duns «baldaquinos» pétreos. Defende a súa datación argumentando que de ter sido construído para albergar reliquias do santo, isto necesariamente tivo que facerse trala canonización do mesmo. Mailo novidoso e orixinal da súa tese, resulta algo complicado dala por verdadeira se temos en conta que eses «baldaquinos» que propón veñen sustentados polas bases de columnas do interior das ábsidas, que probabelmente foron colocadas así de xeito arbitrario e non se corresponderían con soportes reais⁶⁰.

De forma xeral, a tese máis aceptada é a que afirma a orixe visigótica do monumento. En primeiro lugar, a crónica de Valerio⁶¹ reflexa a forte determinación amosada por S. Frutuoso para remata-la obra antes da súa morte. Probabelmente, e tendo en consideración que S. Martiño fixo o propio en Dume, S. Frutuoso quería unha edificación que lle garantise oracións perpetuas pola súa salvación⁶². Outra pista en principio podería aclarar o carácter funerario do monumento é a presenza do arcosolio exterior, onde parece ser que estaban os restos do santo no século XII cando Xelmírez

⁵⁸ Fontes, L. F. O. (2008). *A igreja sueva de São Martinho de Dume: arquitectura cristã antiga de Braga e na antiguidade tardia do noroeste de Portugal*. p. 166.

⁵⁹ Ídem p. 170

⁶⁰ Ver apartado 3

⁶¹ Rodrigues, J. M. D. O. (2016). *The mausoleum of Saint Frutuoso near Braga, in Portugal, and the transit of Byzantine influences in early Middle Ages*. p. 113.

⁶² Ferreira, R. (2012). *A Capela de São Frutuoso. Elementos para o seu estudo e compreensão*. p. 293.

rouba as reliquias e as leva a Compostela. Porén, o devandito arcosolio é froito da reconstrucción, polo que non podemos tomalo como argumento sólido.

Un dos principais argumentos que se propoñen para descarta-la orixe visigótica do monumento, como xa mencionamos, é a difícil posibilidade de que o monumento sobrevivise os ataques musulmáns. Porén, sabemos que campañas como a de Almanzor respectaron os monumentos de carácter funerario⁶³, polo que tampouco podemos descarta-lo feito de que, aínda que este destruíra gran parte de Braga, respectara esta edificación como fixo por exemplo en Compostela. Aínda así, non podemos afirmar que todo o que ata hoxe chegou de Montélios pertenza ao VII, xa que é probábel que no século X se reformaran algúns elementos, de forma semellante ao que as escavacións arqueolóxicas revelaron que se fixo en Dume⁶⁴.

A título persoal considero que a tese máis acertada é a proposta por Paulo Almeida Fernandes (2009)⁶⁵. Nela, e con probas arqueolóxicas⁶⁶, expón que a edificación tería orixe visigoda e estaría efectivamente relacionada ca figura de Frutuoso. Segundo a súa opinión, a capela foi construída no século VII como parte dun conxunto de carácter monástico. São Frutuoso de Montélios sería o último vestixio altomedieval deste após a construción do mosteiro barroco que foi xa no XX finalmente destruído durante as labores de reconstrucción. Ora ben, a capela houbo de ser intervida no século X, onde as ábsidas pasarían a te-lo aspecto ultra semicircular⁶⁷ ó interior e as triplas arcadas que dan acceso ó cruceiro. Isto entronca cronoloxicamente ca proliferación de «restauracións» de

⁶³ Rodrigues, J. M. D. O. (2016). *The mausoleum of Saint Frutuoso near Braga, in Portugal, and the transit of Byzantine influences in early Middle Ages*. p. 114.

⁶⁴ Fontes, L. F. O. (2008). *A igreja sueva de São Martinho de Dume: arquitectura cristã antiga de Braga e na antiguidade tardia do noroeste de Portugal*.

⁶⁵ Fernandes, P. A. (2009). *Esplendor ou Declínio? A Arquitectura do século VII no território português*. La Arquitectura: el siglo VII frente al siglo VIII, 241-273. p. 247.

⁶⁶ Expón a existencia dunha pilastra de época visigoda e un alximez do século X achadas durante as labores de reconstrucción dos anos 30-40 do século pasado.

⁶⁷ Paulo Almeida Fernandes acredita tamén na autenticidade da forma «en ferradura» das ábsidas internas, malia que as que hoxe vemos son froito da reconstrucción do XX. Porén, non fai referencias ás columnatas interiores. p. 249.

edificios de época goda ou anteriores que se atopaban en malas condicións nos séculos IX e X⁶⁸.

2.4.2. São Pedro de Balsemão

Trátase dunha pequena capela sita no *concelho* de Lamego, distrito de Viseu. Conta cunha sinxela planta basilical de tres naves coroada por unha cabeceira de testeiro recto⁶⁹. A separación entre naves faise mediante tres arcos de medio punto que apoian en cada lado en dúas columnas con capiteis vexetais reaproveitados dunha fábrica romana. O paso entre a ábsida e o corpo faise mediante un arco triunfal de ferradura de tipo visigodo⁷⁰ (cun peralte non moi pronunciado, desaxuste de doelas na zona superior e extradós do primeiro salmer recto)⁷¹, que á súa vez descansa sobre dúas impostas decoradas con modillóns de rolos. Baixo as impostas sitúanse dúas pequenas columnas adosadas novamente con capiteis vexetais pero de labra algo máis tosca. Tanto os teitos como todo o exterior pertencen a unha reforma barroca no século XVII.

Do mesmo xeito que Montélios, todo indica que esta obra contou con varias fases construtivas. Sobre unha base visigótica —planta e arco triunfal— aprécianse reformas en época asturiana (século X) como o medallón co emblema de cruz asturiana⁷² ou os modillóns de rolos⁷³. Por último, a intervención que máis modificou o aspecto da capela foi a levada a cabo no século XVII. Respecto á súa filiación Paulo Almeida Fernandes opina que: «até que se efectue uma escavação arqueológica no local [...] o mais prudente é referirmo-nos a Balsemão como una capela do século XVII que incorporou materiais altimedievais»⁷⁴. Este autor, debido ó difícil de concreta-la datación e estilo da obra,

⁶⁸ Martínez Tejera, A. (2011). *La arquitectura cristiana del siglo X en el reino de León (910-1037): de “mozárabe” a “arquitectura de fusión”*. *Antigüedad y Cristianismo*, (28), 163-229. p. 170.

⁶⁹ Anexo fotográfico (fig. 13)

⁷⁰ Este arco resulta moi semellante a outros propios da arquitectura visigoda. É practicamente idéntico ó de Santa Comba de Bande ou ó de San Xoán de Panxón. (Anexo fotográfico fig. 14)

⁷¹ Anexo fotográfico (fig. 14)

⁷² Anexo fotográfico (fig. 15)

⁷³ Anexo fotográfico (fig. 16)

⁷⁴ Fernandes, P. A. (2009). *Esplendor ou Declínio? A Arquitectura do século VII no território português*. *La Arquitectura: el siglo VII frente al siglo VII*, 241-273. p. 250.

engádea xunto con São Frutuoso de Montélios e outras como «monumentos da discórdia»⁷⁵.

2.4.3. São Pedro de Lourosa

Estamos diante dunha igrexa rural, *matriz da freguesia* de Lourosa, no *concelho* de Oliveira do Hospital, distrito de Coimbra. O exterior da construción ofrece unha salientábel harmonía construtiva e destaca o xogo de volumes en altura entre as súas diferentes partes⁷⁶. A fachada principal⁷⁷, a occidental, recibe ó visitante cun profundo nártice ó que da acceso un arco de medio punto. Tras este resalta en altura o volume da nave central, cuxo único elemento destacábel é a pequena ventá xeminada con arcos de ferradura. Ós lados deste, os corpos das naves laterais sobresaen en planta, non así en altura. Por último, os brazos do transepto sobresaen lonxitudinalmente, e contan coa mesma altura do nártice. A cabeceira tripartita de testeiros rectos ofrece tamén unha vista volumétrica interesante⁷⁸. As ábsidas (das que a central é maior) contan apenas cun pequeno vano rectangular sen ningunha concesión decorativa. Sobre estas, novamente elevado en altura, sobresaen o corpo da nave principal, cuxo testeiro replica a mesma solución que o occidental, unha sinxela ventá xeminada idéntica á mencionada.

A planta⁷⁹ e mailo interior⁸⁰ ofrécennos unha división en tres do corpo de naves. A central, que resalta en altura e anchura, conta cun desenvolvemento lonxitudinal tamén maior do que as laterais e chega até a cabeceira. As laterais sepáranse da central mediante unha tripla arcada de ferradura, que apoia en columnas toscanas con capiteis reutilizados⁸¹. En lonxitude só chegan até os brazos do transepto e fican conectadas a estes por senllos arcos de ferradura. Este transepto non ten verdadeira continuidade, xa que está en realidade formado por dúas estancias anexas ó cruceiro, ó que se abren

⁷⁵ Ídem p. 246.

⁷⁶ Anexo fotográfico (fig. 17)

⁷⁷ Anexo fotográfico (fig. 18)

⁷⁸ Anexo fotográfico (fig. 19)

⁷⁹ Anexo fotográfico (fig. 20)

⁸⁰ Anexo fotográfico (fig. 21)

⁸¹ Fernandes, L. (2008). *A ordem toscana na Lusitânia ocidental: problemática e caracterização do seu emprego: a propósito das peças reutilizadas da Igreja de S. Pedro de Lourosa (Coimbra)*. Revista portuguesa de arqueologia, 11(2), 231-270.

novamente mediante arcos de ferradura. O cruceiro e a ábsida maior están separados novamente por un arco ultra semicircular⁸², o de maior tamaño da construción.

Con respecto ás cubertas, tódalas partes da igrexa —con excepción da ábsida maior, cuberta con canón de ferradura— contan con teitos de madeira a dúas augas, cubertos ó exterior con tella.

Con respecto á súa datación, a igrexa ten sido tradicionalmente catalogada como «mozárabe». Alén das mencionadas discusións que suscita este termo, o certo é que non é doado adscribi-la construción ó estilo da «arquitectura de fusión» xa nomeado⁸³. Paulo Almeida Fernandes⁸⁴ propón que se trata dunha obra relacionada co estilo prerrománico asturiano.

Para apoia-la súa teoría, o autor compara elementos da igrexa con outros análogos plenamente consagrados como «asturianos». En primeiro lugar, considera que o nartéx —a pesar de estar reconstruído— é moi semellante ó de San Julián de los Prados. Por outra banda, sinala que a notábel compartimentación do espazo (que se mantén a pesar do proxecto restaurador) é propia doutras obras asturianas. Cómpre sinalar que, malia o aspecto actual da igrexa estar moi marcado pola axialidade (eixo nartéx-nave-ábsida), semella acertado pensar que na alta Idade Media habería un iconostasio separando a nave da ábsida⁸⁵. Esta compartimentación era moi típica da época e está fundamentada nas diferenzas entre a liturxia actual e da época. Nesta última a ocultación do espazo do altar (o máis sagrado) era moi importante, polo que non era estraño ver iconostasios con teas ou outras solucións que permitisen oculta-los ritos ós fieis. Un exemplo de iconostasio da época é o de Santa Cristina de Lena⁸⁶ (ca. 850-866). A pesar da radical mudanza da organización espacial da igrexa que causou a súa restauración, aínda hoxe resulta

⁸² Anexo fotográfico fig. 22.

⁸³ Alén do uso estensivo do arco de ferradura típico deste estilo, o resto da obra non parece encaixar facilmente.

⁸⁴ Fernandes, P. A. (2008). *A igrexa de São Pedro de Lourosa e a sua relação com a arte asturiana*. *Arqueologia Medieval*, 10, 21-40. p. 23.

⁸⁵ Segundo Paulo Almeida Fernandes existen nos muros restos que sinalan a súa antiga presenza. O iconostasio tería sido eliminado en época románica, probabelmente durante o século XII, motivado polos cambios litúrxicos.

⁸⁶ Anexo fotográfico fig. 23.

imposíbel visualiza-lo altar dende certos puntos da mesma, especialmente dende as naves laterais⁸⁷. Por último, outro dos argumentos que esgrime para apoiar a súa tese é a similitude entre os vanos xeminados de Lourosa e outros da época en igrexas asturianas como os de Valdediós⁸⁸.

3. As restauracións do XX e as súas problemáticas

3.1. O Estado Novo: contexto histórico e marco ideolóxico

O século XX en Portugal, como aconteceu en varios países europeos, estivo marcado por un réxime autoritario de corte fascista⁸⁹, o denominado Estado Novo, que durou dende o 1933 até o 1974. Foi a ditadura máis duradeira na Europa Occidental do século XX.

O Estado Novo xorde como continuación da *Ditadura Militar* (chamada nacional a partir de 1928), que nace á súa vez do golpe de estado do 28 de Maio de 1926 contra o goberno da I República Portuguesa. Non hai en realidade unha división real entre a *Ditadura* e o *Estado Novo*, simplemente comezou a chamarse da segunda forma ó novo réxime a partir do ano 1933, ca publicación da Constitución dese mesmo ano.

Un dos persoeiros máis relevantes da ditadura portuguesa foi António Ferro (1885-1956), o grande ideólogo da propaganda do réxime. Foi director do *Secretariado de Propaganda Nacional* (SPN), cargo dende o que, en calidade de seguidor convencido do fascismo italiano, desenvolveu a denominada *Política do Espírito*. O obxectivo desta *política* era difundir unha idea construída polo propio estado da identidade portuguesa⁹⁰. Isto foi levado a cabo mediante unha interpretación interesada da historia, que se conxugaba cunha exaltación das pretendidas glorias do novo Portugal. Producíase, deste

⁸⁷ Fernandes, P. A. (2008). *A igreja de São Pedro de Lourosa e a sua relação com a arte asturiana*. *Arqueologia Medieval*, 10, 21-40. p. 27.

⁸⁸ Ídem. p. 30.

⁸⁹ Existe un amplo debate académico sobre a plena adscripción do Salazarismo ó fascismo clásico no que non entraremos neste traballo. Porén, a maior parte dos estudos conclúen que malia non ser un fascismo canónico si ten bastantes rasgos concordantes co mesmo.

⁹⁰ Fernandes, P. A. (2017). "*Forma mentis*". *El valor del pasado medieval en el ideario del Estado Novo (1933-1974): legitimación y narrativa*. En: *El franquismo y la apropiación del pasado: el uso de la historia, de la arqueología y de la historia del arte para la legitimación de la dictadura* (pp. 235-252). Editorial Pablo Iglesias. p. 237.

xeito, un xogo entre os valores pasados e a modernidade, mentres ó servizo deste estaba todo un programa pedagóxico e artístico do que formaron parte as actividades da DGEMN (*Direcção Geral dos Edifícios e Monumentos Nacionais*) da que falaremos máis polo miúdo despois.

Cómpre, ademais, menciona-la labor doutro dos grandes ideólogos do Salazarismo, o historiador conimbricense João Ameal (1902-1982), do que destacamos o *Decálogo do Estado Novo*⁹¹ que lle foi encargado polo propio Salazar no 1934. Este breve documento sérvenos para comprende-las características do réxime de xeito sinxelo. Estas foron, de xeito resumido, o unipartidismo⁹², o anticomunismo⁹³, o catolicismo de estado, o culto ó líder (Oliveira Salazar e dende o 1970 Marcelo Caetano), o autoritarismo e maila exaltación do imperialismo portugués. Foi ademais especialmente notábel a labor de represión ideolóxica, ben por medio dos servizos de censura como por medio dunha policía política represiva (PIDE). A organización obreira en sindicatos estaba fortemente controlada, co obxectivo de xuntar a tódolos traballadores en organizacións directamente controladas polo estado. O réxime foi, polo tanto, moi semellante tanto en formulacións como no seu desenvolvemento histórico co Franquismo.

Como xa mencionamos anteriormente, o réxime salazarista fixo unha extensiva e constante apropiación da historia de Portugal para a propia construción e reafirmación. Isto non vén só da man da *Política do Espírito* de Ferro, mesmo o propio Salazar empregou en moitas ocasións o recurso de evocar tempos pasados gloriosos nos seus discursos e aparicións públicas:

Não discutimos a Pátria, que quer dizer a Nação na sua integridade territorial e moral, na sua plena independência, na sua vocação histórica. [...]no terreno político e social, para nós portugueses que somos de hoje e velhos de oito séculos, já não há processo que possa ser

⁹¹ Anexo fotográfico (fig. 24)

⁹² “O parlamentarismo subordinava o Governo à tirania da assembleia política através da ditadura irresponsável e tumultuária dos partidos. O Estado Novo garante a existência do Estado Forte pela segurança, independência e continuidade da chefia do Estado e do Governo.” João Ameal. (1934) *Decálogo do Estado Novo*.

⁹³ “O Estado Novo não se subordina a nenhuma classe. Subordina porem todas as classes à suprema harmonia do Interesse Nacional”. Ídem

revisto, debate que possa ser aberto, pedaço de soberania ou de terra que nos pese e que estejamos dispostos a alijar de cansados ou de cépticos⁹⁴.

Unha das máis notábeis demostracións de apropiación do pasado por parte da ditadura foi a Exposición do Mundo Portugués, que baixo ordes de Ferro e tutela de Salazar tivo lugar en Lisboa en 1940. Nela conxugábanse o pasado, o presente e mailo futuro de Portugal, entroncando cas ideas da xa mencionada *Política do Espírito*. Hoxe en día aínda conservámo-lo *Padrão dos Descobrimentos*⁹⁵, unha monumental escultura que mediante unha Carabela e retratos de grandes conquistadores portugueses reivindica o pasado de Portugal como potencia imperial, fundamentalmente no ámbito naval. Esta obra en orixe ía ser efémera, tan só como parte da exposición, pero unha vez rematada esta decidiron conservala.

A reivindicación do imperio colonial portugués foi precisamente unha das maiores preocupacións da ditadura. O salazarismo, nunha época xa moi tendente á descolonización —feito que se acentuou á fin da II Guerra Mundial— virou as costas á tendencia internacional e aferrouse ás súas derradeiras posesións coloniais.

O imperio acentuou a súa longa decadencia na década dos 60, cando a India invade e recupera Goa, e xorde unha insurrección armada en Angola. As principais liñas de acción⁹⁶ foron tres. En primeiro lugar a represión armada dos movementos independentistas, política que levou ó exército portugués a unha longa e desgastadora guerra colonial⁹⁷, especialmente dura nos dominios africanos de Mozambique, *Guiné-Bissau* e, en especial, Angola. Por outra banda, dende a propaganda do réxime intensificáronse as mensaxes de cohesión interna para afronta-la «defensa da patria». Por último, houbo unha importante labor diplomática cara ó bloque occidental, que pretendía reduci-los levantamentos independentistas como simples conflitos menores dentro do

⁹⁴ Fragmento dun discurso feito por Antónío de Oliveira Salazar en Braga, o 26 de maio de 1936, no contexto das celebracións feitas nesa cidade como conmemoración do Golpe de Estado de maio do 26. Recuperado de: Oliveira Salazar (1937) *Discursos e notas políticas II (1935-1937)* Coimbra Editora L.da.

⁹⁵ Anexo fotográfico (fig. 25)

⁹⁶ Cueto Rodríguez, A. (2013) *Dictadura y representación política de las colonias portuguesas durante el Estado Novo*. Imperios Ibéricos y representación política, siglos XIX-XX

⁹⁷ Anexo fotográfico (fig. 26)

contexto da Guerra Fría, tratándoos como meros focos de inestabilidade supostamente apoiados dende Moscova.

No ano 1968, após o retiro da vida política de Oliveira Salazar por mor dos seus problemas de saúde, Marcelo Caetano toma o relevo do *Estado Novo*. Este home tivo a difícil labor de mante-lo *status quo* colonial, así como a vitalidade na metrópole dun réxime que xa estaba a amosar síntomas claros de esgotamento. Algúns capitáns novos do exército portugués forman no seo da Guerra Colonial de Bissau o *Movimento das Forças Armadas* (MFA), que vai gañando forza dentro dun corpo militar farto da longa e infrutuosa campaña colonial. Malia o fin da guerra ser nun primeiro momento a principal reivindicación, pronto engadíronselles outras procedentes fundamentalmente de movementos de esquerda con gran apoio popular, que buscaban rachar co autoritarismo do réxime. En marzo do 1974 decídese actuar nun golpe de estado o 25 de abril⁹⁸ —a célebre *Revolução dos Cravos*⁹⁹— poñendo fin a máis de corenta anos de réxime ditatorial en Portugal. Os gobernos provisionais posteriores á Revolución puxeron énfase na total independencia das colonias, que se concretou finalmente no 1975, coas excepcións de Macau (que tornou ás mans chinesas no 1999) e o Timor, que acadou a súa independencia como Timor-Leste no 2002.

3.2. A labor da DGEMN e as restauracións «en estilo» na ditadura de Salazar.

Dentro do xa sobradamente mencionado emprego da historia e do pasado no discurso lexitimador do *Estado Novo*, os edificios e monumentos tiñan un papel moi importante, non só como medio de transmisión desa idea de pasado glorioso senón tamén como testemuñas directos do mesmo. Neste contexto no ano 1929 xorde a *Direcção Geral dos Edifícios e Monumentos Nacionais* (DGEMN), unha institución que realizou

⁹⁸ Anexo fotográfico (fig. 27)

⁹⁹ A fin do Salazarismo foi un proceso moito máis complexo, resultado de moitísimos máis factores dos aquí mencionados, como por exemplo una ampla contestación social e política (cun papel fundamental nesta última do *Partido Comunista Português*). A Revolución é un tema amplamente estudado dende a historia ou a politoloxía, e mesmo dende outras disciplinas. Porén, para amplia-la información aquí exposta dun xeito sinxelo recomendo o artigo de Lincoln Secco: Secco, L. (2013). *A Revolução dos Cravos: a dinâmica militar*. Projeto História: Revista do Programa de Estudos Pós-Graduados de História.

numerosas intervencións «restauradoras» no segundo cuarto do século XX, que deixaron en moitos casos profundas feridas no tecido patrimonial medieval portugués.

A tónica xeral destas intervencións estaba baseada nas teorías decimonónicas — xa daquela amplamente superadas¹⁰⁰— das restauracións «en estilo» formuladas por Viollet le-Duc. Porén, a DGEMN non contaba con historiadores da arte nin arqueólogos á hora de executar as restauracións e de xeito xeral os equipos estaban dirixidos por arquitectos ou enxeñeiros militares (como era o caso do director da institución, Henrique Gomes da Silva), que contaban con pouca ou nula formación histórico-artística.

A maior parte das actuacións tiveron lugar na década dos 30 e foron en xeral moi áxiles. Isto debíase a que o goberno quería o maior número posíbel de monumentos completamente restaurados antes de 1940, ano especial polo xa mencionado triplo centenario e maila Exposición do Mundo Portugués. Houbo intervencións sobre monumentos de grande relevancia, como o *Paço dos Duques de Bragança*¹⁰¹ en Guimarães ou o *Castelo de São Jorge* en Lisboa, ámbalas dúas moi criticadas por teren alterado por completo o aspecto dos monumentos dun xeito profundamente imaxinativo. Porén, a maioría das intervencións tiveron lugar en pequenos monumentos como castelos ou igrexas, xeralmente no rural, que eran os que xeralmente chegaron ó século XX máis transformados.

M^a de los Ángeles Utrero¹⁰² cita catro fases comúns a tódalas intervencións da DGEMN. En primeiro lugar, unha fase de destrución «controlada» dos elementos que deben ser eliminados para acadar a falsa imaxe de pureza e unidade de estilo. Esta fase

¹⁰⁰ A restauración en estilo foi o procedemento dominante nas restauracións patrimoniais durante boa parte do XIX. Viollet le-Duc realizou profundas intervencións en monumentos —fundamentalmente románicos e góticos— por toda Francia, dos cales destacan as feitas en Notre Dame de París ou na fortaleza de Carcassonne. Xa resultaban polémicas na propia época (como amosan contrateorías como a de Ruskin ou posteriormente as de Boito). Secasí, na década dos 30 existía xa un firme consenso internacional que rexeitaba este tipo de restauracións tan agresivas (como amosaban as conferencias de Roma ou de Atenas). M^a de los Ángeles Utrero (2020) sinala que o feito de que este tipo de restauracións foran feitas nos 30 e 40 amosan non só o seu carácter político e alonxado do interese polo coidado do patrimonio, senón tamén o illamento do réxime salazarista.

¹⁰¹ Anexo fotográfico (fig. 28)

¹⁰² Utrero Agudo, M. A. (2020). *La intervención de la DGEMN en las iglesias altomedievales de Portugal*. p. 89.

está seguida pola escolla dun estilo dominante (moitas veces de xeito arbitrario) sobre o que efectua-la reconstrucción. Das labores de reconstrucción propiamente ditas encargábanse polo miúdo operarios con coñecemento das técnicas construtivas tradicionais, baixo as directrices do arquitecto e os seus planos. A terceira característica era a necesidade de mante-lo uso que se lle daba ós monumentos. Isto significaba que dentro do proxecto de intervención era necesario ter en consideración realiza-las modificacións necesarias para garanti-la continuidade do emprego dese edificio. Por último, houbo en tódalas intervencións da DGEMN unha notábel e profunda actividade documental dos procesos de restauro, tanto fotográfica como planimétrica. Isto non se facía só para deixar constancia da intervención, senón tamén para amosar á sociedade a labor realizada dun xeito visual, con imaxes comparativas do estado orixinal e actual dos monumentos.

O feito das «restauracións en estilo» seren a tónica habitual nas intervencións da DGEMN non evitou que xurdiran voces discordantes no seo da propia institución. Este foi o caso do arquitecto Raul Lino, un firme defensor das teorías antirrestauradoras de Ruskin e que ocupaba un cargo de segunda fila —mais de notábel relevancia— dentro da DGEMN. Lino partiu dunha formación pouco común para a sociedade portuguesa da época, moito máis influenciado pola cultura xermánica e anglosaxoa que pola francesa, que era a norma. Non é estraño supoñer que vén de aí a súa fascinación ca exaltación da ruína propia do romanticismo e reflexada por Ruskin en obras como as *Seven Lamps of Architecture*¹⁰³.

De xeito máis ou menos anónimo comeza criticando accións como a restauración da *Sé de Funchal*, na Madeira:

Lino, sem se referir concretamente à actividade da DGEMN, establece uma dura crítica às teorias enunciadas pelo arquitecto francês Viollet-le-Duc, que acusa de responsáveis pela fabricação de novos monumentos, devido à obsessão da pureza de estilo, que tudo expurga, sem ter em conta a poética da alma de cada construção e o seu carácter

¹⁰³ Neto, M. J. (2001). *Memória, propaganda e poder. O Restauro dos Monumentos Nacionais (1929-1960)*, Porto, Faculdade de Arquitectura da Universidade do Porto. p. 236.

pintoresco, revivido nas cantarias antigas e arruinadas, cobertas pela patine do tempo e pela sua envolvência paisagística e urbana¹⁰⁴.

Rematada a II Guerra Mundial as críticas as accións restauradoras da DGEMN acentuáronse bastante. Coincidente con isto prodúcese unha mudanza na cúpula da institución. O director, Gomes da Silva, retira en 1949 do cargo de *Diretor de Serviços* a Baltazar de Castro e coloca no seu lugar a Raul Lino. Fálase de coincidencia e non de consecuencia ás críticas xa que semella que a mudanza de titularidade debeuse en grande medida ás diferenzas persoais entre o director e Baltazar de Castro¹⁰⁵.

No acto de toma de posesión como *Diretor de Serviços*, Lino pronunciou o seguinte:

Não basta consolidarmos as pedras. É preciso também mantermos viva a tradição de todos aqueles valores espirituais, quer a sua missão activa ainda perdure, quer já tenha terminado¹⁰⁶.

Lino só ocupou o cargo durante once meses, polo que non houbo unha mudanza radical nas actuacións, mais cando xa estaba fóra da institución continuou a critica-las accións restauradoras da DGEMN. Secasí, vemos en publicacións oficiais da institución a finais da década dos corenta como as dúas teorías semellan convivir, cando menos nos textos; indicio probábel de que as teorías antirrestauradoras estaban a gañar espazo na DGEMN.

Muda-la tónica das intervencións, porén, non foi sinxelo. Alén das discusións teóricas e académicas da cúpula da DGEMN, cómpre lembrar que, case de xeito xeral, os operarios encargados da execución das obras só foron formados para actuar seguindo os preceptos das restauracións «en estilo»:

Eram homes de acção empírica e permaneciam algo isolados das discussões que, internacionalmente, se tratavam sobre a matéria¹⁰⁷.

Mais ou menos, nos últimos anos 50 e primeiros 60, o Salazarismo viviu unha paulatina apertura internacional, o que se traduciu, no tema que nos ocupa, co contacto directo con estudos internacionais punteiros na conservación do patrimonio histórico-

¹⁰⁴ Ídem. p. 250.

¹⁰⁵ Ídem. p. 252.

¹⁰⁶ Ídem

¹⁰⁷ Ídem. p. 260.

artístico. Portugal participa no Congreso de Venecia do ano 1964 e na redacción da carta que este congreso produciu¹⁰⁸, o que serviu como aliciente á unha nova era da DGEMN caracterizada por un maior coidado e respecto pola realidade concreta de cada obra, en definitiva, polo abandono da restauración estilística que a tantos monumentos afectou de xeito irreparábel.

3.2.1. Exemplos: o caso de São Pedro de Lourosa e São Frutuoso de Montélios

Non se conserva en territorio portugués practicamente ningún exemplo de arquitectura altomedieval —que non estea en estado de ruína— que non teña sido reconstruído pola DGEMN. A continuación falaremos de dous casos especialmente destacábeis pola súa radicalidade.

Temos en primeiro lugar o exemplo da igrexa de São Pedro de Lourosa, a *igreja matriz* da *freguesia* de Lourosa, no concello de Oliveira do Hospital, na Beira Interior. Malia a súa cronoloxía ser discutida, no proceso restaurador escolleuse como estilo o «mozárabe» para «reflexa-la resistencia dos cristiáns e do cristianismo fronte ó invasor musulmán»¹⁰⁹. A edificación chega ó século XX¹¹⁰ como igrexa parroquial en uso, e coa fábrica altomedieval moi modificada. A comezos deste século o monumento é redescuberto para os académicos do momento e en pouco tempo protagoniza numerosos estudos que tentan adiviña-lo seu aspecto orixinario, ademais da súa datación.

Em Portugal, na história da investigação histórico-artística da primeira metade do século XX, poucos foram os monumentos que suscitaram tanto interesse e que congregaram tão grande número de autores no seu estudo¹¹¹.

O primeiro proxecto de restauro do monumento (1929) foi obra de José Vilaça, e del conservamos apenas algúns deseños. O proxecto eliminaba moitas partes da igrexa, entre elas as absidiolas rectangulares e gran parte da capela maior¹¹². Pola contra,

¹⁰⁸ Ídem.

¹⁰⁹ Utrero Agudo, M. A. (2020). *La intervención de la DGEMN en las iglesias altomedievales de Portugal*. p. 94.

¹¹⁰ Anexo fotográfico (fig. 29)

¹¹¹ Fernandes, P. A. (2006) *Reconstituição. Reintegração. Restauro. Os projectos de intervenção na igreja pré-românica de São Pedro de Lourosa (1929-1934)*. “Revista de Estudos-Património” (2006): 150-15. p. 150.

¹¹² Ídem. p. 152.

proponía a creación dun nártice e dun pequeno presbiterio ó leste da capela maior, dúas estancias cuxa existencia non estaba apoiada en evidencias arqueolóxicas. Esta proposta foi finalmente descartada no verán de 1930 polas dúbidas xurdidas en torno á súa inexactitude histórica.

É neste intre cando a DGEMN toma plenamente o control do proxecto restaurador de Lourosa da man do arquitecto Baltazar de Castro. Este toma do mesmo xeito toda a responsabilidade da planificación e execución do proxecto, nun anticipo da tónica xeral das intervencións da DGEMN de non acudir a persoas alleas á institución¹¹³. Dubídase mesmo da existencia dun plan restaurador concreto, e houbo voces críticas na propia época que denunciaban o carácter arbitrario da restauración, que se ía realizando sobre o terreo sen maior planificación.

A cabeceira e mailos muros lonxitudinais das naves laterais constrúense *ex novo*. Finalmente —e en oposición ó proxecto de Vilaça—, óptase por unha cabeceira tripartita de testeiros rectos, coa ábsida central de maior tamaño. A *Capela Mor* é completamente destruída, e no seu lugar faise unha sorte de cruceiro, da mesma anchura pero máis longo. Ós lados deste, e aproveitando en parte dependencias anexas (entre elas a sancristía), constrúese o transepto ou *nave cruzeira*. Para solucionar-la separación entre a nave central e o cruceiro tíñase pensado crear un iconostasio de tres arcos de ferradura, mais finalmente non se levou a cabo, por mor das incertezas arqueolóxicas acerca da súa existencia¹¹⁴. Por este motivo hai un desaxuste visual entre a tripla arcada de ferradura corrida que separa as naves laterais da central e os dous arcos —tamén de ferradura— que dan acceso ós brazos do transepto.

No exterior, a mudanza na volumetría do edificio resulta aínda máis apreciable. A total eliminación das dependencias anexas que rodeaban a fábrica orixinal produce un aspecto externo en cruz latina moi harmónico. Porén, o resultado é claramente artificial e é bastante sinxelo decatarse do feito de que estamos diante dunha obra case

¹¹³ Ídem. p. 153.

¹¹⁴ A análise arqueolóxica semella indicar que de ter existido o devandito iconostasio, tería sido xa eliminado no século XI.

completamente nova: «sus aristas vivas, sus superficies nuevas y sus juntas unidas con cemento delatan su modernidad». (M^a de los Ángeles Utrero, 2020)

O campanario, do século XII, foi movido ó leste, completamente exento da nova igrexa. Algunhas das pezas desmontadas foron reutilizadas e noutros casos creáronse outras novas inspiradas nas orixinais, como é o caso da pequena ventá bífora que pecha o testeiro da nave maior.

Pasamos agora á que ten sido definido como o monumento altomedieval máis senlleiro de Portugal¹¹⁵, a capela de São Frutuoso de Montélios, na *freguesia* de Real do *concelho* de Braga. Esta pequena e enigmática construción ten suscitado o interese de numerosos estudosos, principalmente polas dúbidas que suscitan tanto a súa datación como a súa adscrición estilística.

Todo semella que, sexa cal fo-la súa datación orixinal, a capela xa vén de ser intervida en varias ocasións antes da gran restauración que sufriu no século XX. A esta época chega integrada no mosteiro de Real, e anexo a igrexa de São Jerónimo. Só se conservaba da fábrica altomedieval o cruceiro, coas súas triplas arcadas (excepto a leste) que servía como nexo de unión entre diversas partes do devandito mosteiro. A finais do XIX cóbrese con estuco pintado imitando mármore o interior da construción, o que ocultou o aparello construtivo¹¹⁶.

En época contemporánea semella que o primeiro en interesarse a nivel académico polo monumento foi Ernesto Korrodi, un arquitecto que publica xunto con Joaquim Vasconcelos en 1899 un artigo no que, alén de critica-lo estado actual do mesmo —con especial énfase no estucado e pintura—, fai unha proposta da posíbel planta orixinal. Para Korrodi, Montélios tería en orixe unha planta basilical¹¹⁷ con transepto e ábsida central semicircular, de xeito que a obra conservada sería o cruceiro da igrexa. Non hai aínda

¹¹⁵ Fontes, L. (2012). *O Norte de Portugal entre os séculos VIII e X: balanço e perspectivas de investigação*. Unidade de Arqueologia da Universidade do Minho. p. 5.

¹¹⁶ Brito, M.M. (2001) *As fases do restauro da Capela de S. Frutuoso de Montélios. A fragilidade da reintegração nacionalista face à evolução historiográfica*. Revista MVSEV ed. Círculo Dr.José de Figueiredo - Amigos do Museu Nacional de Soares dos Reis. n.º 10, Série IV. p. 224.

¹¹⁷ Anexo fotográfico (fig.30)

referencia á existencia das características ábsidas con planta ultrasemicircular «en ferradura»¹¹⁸.

A primeira referencia ó posíbel aspecto cruciforme da planta de Montélios faino no ano 1919 Manuel de Aguiar Barreiros, que argumenta que o desnivel do terreo faría imposíbel o desenvolvemento lonxitudinal dunha planta basilical, polo que propón un prototipo de planta orixinal con cruz grega, mais novamente aínda sen incluí-las ábsidas en ferradura e engadindo cúpulas en cada un dos brazos¹¹⁹.

A primeira acción directa sobre a edificación foi a eliminación do estucado na procura de decoración «bizantina», no ano 1930. En febreiro de 1932 comeza a labor de «desobstrución» do edificio, que non é máis que un eufemismo para nomea-la destrución de tódolos elementos que rodeaban á fábrica altomedieval¹²⁰. Estas labores permitiron ós arquitectos coñecer en profundidade a realidade construtiva do monumento. É aquí cando se descubren restos da decoración mural exterior, así como das columnas das ábsidas e a suposta forma ultrasemicircular ó interior das mesmas¹²¹. Para isto último, Moura Coutinho, o encargado das obras de reconstrucción apoiouse non só na evidencia arqueolóxica, senón tamén nunhas testemuñas escritas do século XVII, obra de D. Rodrigo de Cunha que falaban tanto do aspecto cruciforme como do aspecto das ábsidas: «para todas as partes iguais [...] cujas paredes fechan em meio-círculo»¹²². O propio Moura Coutinho, dentro dos debates académicos que suscitaba a igrexa, era defensor da tese que a catalogaba como visigótica, do século VII e con múltiples influencias das igrexas bizantinas do norte de Italia¹²³.

Na práctica, a reconstituição que sustentou (Moura Coutinho) baseou-se nos elementos estruturais e decorativos postos a descuberto através de um desmonte profundo do aparelho construtivo que se presumia ser de épocas posteriores à de origem, mas também na

¹¹⁸ Quirós, E. (2009) *S. Frutuoso de Montélios. Um pequeno e enigmático templete que atravessa três milénios*. p. 16.

¹¹⁹ Brito, M.M. (2001) *As fases do restauro da Capela de S. Frutuoso de Montélios*. p. 230.

¹²⁰ Anexo fotográfico (fig. 31).

¹²¹ Anexo fotográfico (fig. 32).

¹²² Quirós, E. (2009) *S. Frutuoso de Montélios. Um pequeno e enigmático templete que atravessa três milénios*. p. 19.

¹²³ Brito, M.M. (2001) *As fases do restauro da Capela de S. Frutuoso de Montélios*. p. 230.

documentação que ele próprio inventariou acerca do monumento e na tese histórica que defendia¹²⁴.

Coutinho defendía tamén o carácter funerario do monumento, como posíbel mausoleo de São Frutuoso, o que o levou a incluír no proxecto o arcosolio que hoxe podemos ver no muro norte do brazo leste. Esta acción foi especialmente criticada anos despois, no 1949, por Manuel Monteiro que, alén de non acreditar na función funeraria do monumento, sinalaba que o arcosolio era un anacronismo xustificando que esta tipoloxía funeraria só se comezou a empregar a partir do século XII¹²⁵.

No ano 1935 as obras de restauración parálanse pola falta de orzamento. Baltazar da Silva Castro, o director da área do Norte na DGEMN, sufriu críticas polo estado de abandono ó que someteu o monumento, de xeito tal que o acceso á estrutura resultaba perigoso polo risco de derrubamento, ademais de ser albo de roubos. Isto ficou reflectido nun escrito que os representantes da *freguesia* de Real dirixiron ós seus superiores en Braga, denunciando que:

Há muito se manifesta no seu público um grande descontentamento pela forma como têm visto decorrer as obras com o nicho de S. Frutuoso, porque a pretexto delas, se tem prejudicado gravemente a magestosa igreja de S. Francisco, parroquial. Há já dois anos que as referidas obras estão paralisadas e deixaram buracos em aberto no sotão da referida igreja¹²⁶.

O segundo proxecto de restauración da capela xorde no ano 1939¹²⁷. A iniciativa de retoma-las obras, porén, é un ano anterior e obedece a relativa urxencia por remata-la intervención motivada polas queixas da poboación local acerca do estado da parroquia. O arquitecto encargado do novo proxecto foi Rogério de Azevedo, e semella que contou con influencias no tratamento da restauración de obras como o Mausoleo de Gala Placidia en Rávena ou, especialmente, o baptisterio de San Xoán en Poitiers, cuxa ábsida tiña sido restaurada «en estilo».

¹²⁴ Ídem. p. 229.

¹²⁵ Ídem

¹²⁶ Ídem. p. 233.

¹²⁷ Segundo María Mónica Brito (2001) a notábel falta de información impídenos saber con certeza cando as grandes ventás do «claristorio» que iluminaba o cruceiro foron substituídas polos pequenos vanos de ferradura inscritos no friso decorativo exterior do mesmo.

A capela entra na década de 1940 arrastrando unhas obras que xa cumprían dez anos. Malia que este intervalo podería semellar máis que suficiente para concluír un proxecto destas características, o certo é que a construción segue sen contar con cubertas nas ábsidas e a decoración exterior fica incompleta. Con respecto a este último aspecto, realizáronse os frisos interiores e exteriores que faltaban «idênticos aos primitivos»¹²⁸, imitando follas de acanto no interior e sogueados no exterior.

Se nos centramos nas cubertas das ábsidas, o asunto tórnase máis complexo. A única certeza é que o abovedamento das mesmas non se chegou a producir. Fican ó exterior cubertas por tellas sustentadas por unha estrutura de madeira¹²⁹ visíbel no interior. Non se reconstruíron tampouco as columnas interiores en círculo, tan só fican na igrexa as bases indicando a posíbel colocación das mesmas^{130 131}; malia que hai autores que mencionan que esa colocación foi arbitraria e obra dos Franciscanos que ocupaban o convento. Segundo Manuel Monteiro terían sido empregadas simplemente como soporte e recheo do pavimento¹³².

A obra ficou inacabada en 1942. A partir deste punto, a capela simplemente sufriu intervencións menores con carácter de limpeza e mantemento. A xustificación por parte da DGEMN anos despois deste abandono foi algo así como que a falta de evidencias impedía remata-la intervención con rigor¹³³. Isto chega a resultar mesmo cínico se analizámo-lo percurso da restauración do edificio, onde o rigor científico é o grande ausente.

A capela de S. Frutuoso de Montélios é un caso sintomático de como a política de restauros da DGEMN, durante o Estado Novo, comprometeu irreversiblemente a lectura dos edificios intervencionados¹³⁴.

¹²⁸ Brito, M.M. (2001) *As fases do restauro da Capela de S. Frutuoso de Montélios*. p. 241.

¹²⁹ Anexo fotográfico (fig.33)

¹³⁰ Anexo fotográfico (fig, 5)

¹³¹ Brito, M.M. (2001) *As fases do restauro da Capela de S. Frutuoso de Montélios*

¹³² Ídem. p. 254

¹³³ Ídem. p. 260

¹³⁴ Ídem

3.2.2. Consecuencias

As restauracións «en estilo» promovidas polo *Estado Novo* e executadas pola DGEMN deixaron unha pegada profunda e irreparábel no tecido patrimonial portugués, especialmente apreciábel naquel de época medieval, que foi o máis transformado. As consecuencias non van só na perda irrecuperábel de información histórico-artística. Alén diso, os monumentos após unha intervención destas características fican convertidos nunha mera caricatura, nunha versión falseada e idealizada deles mesmos.

Porén, as consecuencias dos —moi discutíbeis— métodos empregados pola DGEMN non só afectaron a nivel de destrución patrimonial. A perda de información ten complicado en moitas ocasións o estudo dos devanditos monumentos, e ten feito necesarias en numerosas ocasións escavacións arqueolóxicas ca fin de poder coñecer máis polo miúdo a súa historia. Secasí, cómpre menciona-lo feito de que a extensa actividade documental que facía a DGEMN¹³⁵ de tódalas súas restauracións ten facilitado en moitas ocasións a diferenciación entre fábrica orixinal e reconstruída.

4. Conclusións

As manifestacións arquitectónicas altomedievais en Portugal, a pesar de non seren moi numerosas, conforman un valioso vestixio material que nos permiten entender mellor un período da historia caracterizado pola escasez de testemuñas escritas. Porén, as devanditas labores de «reconstrución» que sufriron estes monumentos alteraron profunda e irreversibelmente tanto o seu aspecto como a súa interpretación. Considero fundamental, tendo en conta o estado de conservación destas obras, máis traballo arqueolóxico sobre elas e o seu entorno, coa fin de acadarmos vestixios e datos concretos que permitan coñecer en maior profundidade a súa natureza. Ademais, penso que é importante condenar e rexeita-las devanditas restauracións, que non son máis que un reflexo do pasado escuro que, ó longo do século XX, sufriu Portugal.

¹³⁵ Unha labor documental que tiña máis a intención de servir como posterior propaganda das actividades da institución que como fonte para posteriores investigacións histórico-artísticas.

5. Bibliografía

Alves Conde, M. S. (1999) *Horizontes do Portugal Medieval. Estudos Históricos*. Ed. Patrimonia. Cascais.

Barral Rivadulla, M. D. (2009). *Diálogos artísticos en el siglo X. La imagen arquitectónica de San Miguel de Celanova*. Cuadernos de Estudios Gallegos, 56(122), 93-111.

Bishop, C. (2020). *The Dark Gaze of Galla Placidia. Orientalism and the Reception of Powerful Women from the Ancient World*, 151-66.

Blanco, J. (2019). *Al Ándalus y la distorsión interesada de la Historia*. El Orden Mundial <https://elordenmundial.com/al-andalus-y-la-distorsion-interesada-de-la-historia/>

Brito, M.M. (2001) *As fases do restauro da Capela de S. Frutuoso de Montélios. A fragilidade da reintegração nacionalista face à evolução historiográfica*. Revista MVSEV ed. Círculo Dr. José de Figueiredo - Amigos do Museu Nacional de Soares dos Reis. n.º 10, Série IV.

Cueto Rodríguez, A. (2013) *Dictadura y representación política de las colonias portuguesas durante el Estado Novo*. Imperios Ibéricos y representación política, siglos XIX-XX.

Díaz, P. C. (2000). *El reino suevo de Hispania y su sede en Bracara*. Memorias de la Real Academia de Buenas Letras de Barcelona, 403-423.

DÍAZ, P. C. (2011). *El Reino Suevo (411-585)*. Ed. Akal. 3º Edición, Madrid 2020.

Echevarría Arsuaga, A. y Martín Viso, I. (2019) *La Península en la Edad Media (700-1250)*. Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED) Madrid

Fernandes, L. (2008). *A ordem toscana na Lusitânia ocidental: problemática e caracterização do seu emprego: a propósito das peças reutilizadas da Igreja de S. Pedro de Lourosa* (Coimbra). Revista portuguesa de arqueologia, 11(2), 231-270.

Fernandes, P. A. (2006) *Reconstituição. Reintegração. Restauro. Os projectos de intervenção na igreja pré-românica de São Pedro de Lourosa* (1929-1934). "Revista de Estudos-Património" (2006): 150-15.

Fernandes, P. A. (2008). *A igreja de São Pedro de Lourosa e a sua relação com a arte asturiana*. Arqueologia Medieval, 10, 21-40.

Fernandes, P. A. (2009). *Esplendor ou Declínio? A Arquitectura do século VII no território português*. La Arquitectura: el siglo VII frente al siglo VIII, 241-273.

Arquitectura altomedieval en Portugal. Construcción e reconstrucción

Antonio Gómez Vázquez

Fernandes, P. A. (2017). "*Forma mentis*". *El valor del pasado medieval en el ideario del Estado Novo (1933-1974): legitimación y narrativa*. En: *El franquismo y la apropiación del pasado: el uso de la historia, de la arqueología y de la historia del arte para la legitimación de la dictadura* (pp. 235-252). Editorial Pablo Iglesias.

Ferreira, R. (2012). *A Capela de São Frutuoso. Elementos para o seu estudo e compreensão*. Universidade do Minho. Unidade Curricular de Património Arquitectónico.

Fontes, L. (2012). *O Norte de Portugal entre os séculos VIII e X: balanço e perspectivas de investigação*. Unidade de Arqueologia da Universidade do Minho.

Fontes, L. F. O. (2008). *A igreja sueva de São Martinho de Dume: arquitectura cristã antiga de Braga e na antiguidade tardia do noroeste de Portugal*. *Revista de História da Arte*. Faculdade de Ciências Sociais e Humanas-UNL n°6 (pp 163-183) <https://repositorium.sdum.uminho.pt/handle/1822/16894>

Fontes, L. F. O., Braga, C. M. V. B., Cunha, A., & Andrade, F. (2014). *Salvamento de Bracara Augusta: "Convento de São Francisco, Real (Braga)": relatório final*. Universidade do Minho. Unidade de Arqueologia (UAUM).

García Romo, F. (1962). *Lo pre-musulmán (visigodo), lo hispano-musulmán y lo mozárabe en el arte*. *Príncipe de Viana*, 23(86), 213-238.

González Salinero, R. (2017) *Introducción a la Hispania visigoda*. Universidad Nacional de Educación a Distancia (UNED) Madrid.

Isla Frez, A. (1992) *La sociedad gallega en la Alta Edad Media*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) Madrid

Loring, M. I. Et Alt. (2007) *La Hispania Tardorromana y Visigoda*. Ed Síntesis, Madrid.

Martín, J.L. (1980) *La Península en la Edad Media*. Ed. Teide. Barcelona.

Martínez Tejera, A. (2004). *La "Tebaida Berciana" en tiempos de San Fructuoso (siglo VII)*. *Argutorio: revista de la Asociación Cultural "Monte Irago"*, 6(12), 43-45.

Martínez Tejera, A. (2011). *La arquitectura cristiana del siglo X en el reino de León (910-1037): de "mozárabe" a "arquitectura de fusión"*. *Antigüedad y Cristianismo*, (28), 163-229.

Melo, J. R. (2007). *Estudos sobre a Arte Moçárabe-O Estado da Questão*.

Mínguez Fernández, J. M. (1989). *La reconquista*. *Historia*, 16.

Neto, M. J. (2001). *Memória, propaganda e poder. O Restauro dos Monumentos Nacionais (1929-1960)*, Porto, Faculdade de Arquitectura da Universidade do Porto.

Arquitectura altomedieval en Portugal. Construcción e reconstrucción

Antonio Gómez Vázquez

Núñez, M. (1978). *Arquitectura Prerrománica*. Historia da Arquitectura Galega. Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG).

Oliveira Salazar, A.(1937) *Discursos e notas políticas II (1935-1937)* Coimbra Editora L.da.

Quirós, E. (2009) *S. Frutuoso de Montélios. Um pequeno e enigmático templo que atravessa três milénios*.

Rodrigues, J. M. D. O. (2016). *The mausoleum of Saint Frutuoso near Braga, in Portugal, and the transit of Byzantine influences in early Middle Ages' Europe*. Hortus Artium Medievalium, 22(22).

Secco, L. (2013). *A Revolução dos Cravos: a dinâmica militar*. Projeto História: Revista do Programa de Estudos Pós-Graduados de História, 47.

Silva, A. (2019). *Incipit 7 Workshop de Estudos Medievais da* (Doctoral dissertation, Universidade do Porto). <https://ler.letras.up.pt/uploads/ficheiros/16093.pdf>

Utrero Agudo, M. A. (2020). *La intervención de la DGEMN en las iglesias altomedievales de Portugal*. Arqueología de la arquitectura y reconstrucción. erph_ Revista electrónica de Patrimonio Histórico, 84-105.

Wickham, Chris. (2018) *Una historia nueva de la Alta Edad Media. Europa y el mundo mediterráneo, 400-800*. Ed. Crítica. Barcelona.

6. Anexo fotográfico



Fig. 1. Mapa dos Conventus da Gallaecia. Fonte: Alexandre Vigo (Wikicommons)

[\(ligazón\)](#)



Fig. 2. Panorama exterior de São Frutuoso de Montélios. Fonte: Wikicommons

[\(ligazón\)](#)




Fig. 3. Planta de São Frutuoso de Montélios. En escuro a fábrica altomedieval orixinal. Fonte: Quirós, E. (2009) S. Frutuoso de Montélios. Um pequeno e enigmático templete que atravessa três milénios



Fig. 4. Cúpula de São Frutuoso de Montélios. Fotografia de autoría propia



Fig. 5. Restos de bases de columna nas ábsidas de São Frutuoso de Montélios.
Fotografía de autoría propia.



Fig. 7. Friso con decoración vexetal de São Frutuoso de Montélios. Fotografía de autoría propia




Fig. 8 Panorámica xeral São Frutuoso e São Jerónimo de Real. Fonte: Sistema de Informação para o Património Arquitectónico (SIPA) ([ligazón](#))



Fig. 9. Friso exterior con motivos de sogueado (São Frutuoso de Montélios) Fotografía de autoría propia.



Fig. 10. Arcosolio exterior (São Frutuoso de Montélios) Fonte: Turismo Prerrománico ([ligazón](#))






Fig. 11. Cripta de San Antolín da Catedral de Palencia. Tripla arcada de época visigótica (S. VII) Fonte: Wikicommons ([ligazón](#)).

Desarrollo de las iglesias cruciformes



Mausoleo de Gala Placidia. Rávena



San Fructuoso de Montelios



Fig. 12. Comparación entre o Mausoleo de Gala Placidia e São Frutuoso de Montélios.

Fonte: Turismo Prerrománico ([ligazón](#)).




Fig. 13. Planta de São Pedro de Balsemão. Fonte: Biblioteca Digital de Castilla y León

([ligazón](#)).

Arquitectura altomedieval en Portugal. Construcción e reconstrucción
Antonio Gómez Vázquez



Fig. 14. Comparación entre os arcos de (de esquerda a dereita) San Xoán de Panxón, Santa Comba de Bande e São Pedro de Balsemão. Autoría propia.



Figs 15 e 16. Cruz «asturiana» e modillón de São Pedro de Balsemão. Fonte: Turismo Prerrománico ([ligazón](#)).

Arquitectura altomedieval en Portugal. Construcción e reconstrucción
Antonio Gómez Vázquez



Fig. 17. Panorama xeral exterior de São Pedro de Lourosa. Fonte: Urbipedia (Archivo de Arquitectura) ([ligazón](#)).



Fig. 18. Detalle da fachada de São Pedro de Lourosa. Fonte: Wikicomons ([ligazón](#)).



Fig. 19. Cabeceira de São Pedro de Lourosa. Fonte: Utrero Agudo, M. A. (2020). *La intervención de la DGEMN en las iglesias altomedievales de Portugal.*




Fig. 20. Planta actual de São Pedro de Lourosa. O iconostasio non se chegou a construír.

Fonte: Urbipedia (Archivo de Arquitectura) ([ligazón](#)).

Arquitectura altomedieval en Portugal. Construcción e reconstrucción
Antonio Gómez Vázquez



Fig. 21. Interior São Pedro de Lourosa. Fonte: Wikicomons ([ligazón](#)).



Fig. 22. Arco triunfal de São Pedro de Lourosa. Fonte: Evasões ([ligazón](#)).



Fig. 23. Iconostasio de Santa Cristina de Lena. Fonte: Wikicomons ([ligazón](#)).




Fig. 24. Decálogo do Estado Novo. Fonte: Fundação Calouste Gulbenkian ([ligazón](#)).

Arquitectura altomedieval en Portugal. Construcción e reconstrucción

Antonio Gómez Vázquez

Texto transcrito:

1. Estado Novo representa o acôrdo e a síntese de tudo o que é permanente e de tudo o que é novo, das tradições vivas da Pátria e dos seus impulsos mais avançados. Representa, numa palavra, a VANGUARDA moral, social política.
2. O Estado Novo é a garantia da independência e unidade da Nação, do equilíbrio de todos os seus valores orgânicos, da fecunda aliança de tôdas as suas energias criadoras.
3. O Estado Novo não se subordina a nenhuma classe. Subordina, porém, tôdas as classes á suprema harmonia do interêsse Nacional.
4. O Estado Novo repudia as velhas fórmulas: Autoridade sem liberdade, Liberdade sem Autoridade e substitui-as por esta: Autoridade e liberdades.
5. O Estado Novo o indivíduo existe, socialmente, como fazendo parte dos grupos naturais (famílias), profissionais (corporações), territoriais (municípios) e é nessa qualidade que lhe são reconhecidos todos os necessários direitos. Para o ESTADO NOVO, não há direitos abstractos do Homem, há direitos concretos dos homens.
6. "Não há Estado Forte onde o Poder Executivo o não é". O Parlamentarismo subordinava o Govêrno à tirania da assembleia política, através da ditadura irresponsável e tumultuária dos partidos. O ESTADO NOVO garante a existência do Estado Forte, pela segurança, independência e continuidade da chefia do Estado e do Govêrno.
7. Dentro do Estado Novo, a representação nacional não é de ficções ou de grupos efêmeros. É dos elementos reais e permanentes da vida nacional: famílias, municípios, associações, corporações, etc.
8. Todos os portugueses, têm direito a uma vida livre e digna - mas deve ser atendida, antes de mais nada, em conjunto, o direito de Portugal à mesma vida livre e digna. O bem geral suplanta - e contém - o bem individual. Salazar disse: Temos obrigação de sacrificar tudo por todos: não devemos sacrificar-nos todos por alguns.
9. O Estado Novo quer reintegrar Portugal na sua grandeza histórica, na plenitude da sua civilização universalista de vasto império. Quer voltar a fazer de Portugal uma das maiores potências espirituais do mundo..
10. Os inimigos do Estado Novo são inimigos da Nação. Ao serviço da Nação - isto é: da ordem, do interêsse comum e da justiça para todos - pode e deve ser usada a fôrça, que realiza, neste caso, a legítima defesa da Pátria."



Fig. 25. Padrão dos Descobrimentos (1939) José Ângelo Cottinelli Telmo e Leopoldo de Almeida. Belém (Lisboa). Fonte: Wikicomons ([ligazón](#)).




Fig. 26. Propaganda Salazarista. Fonte: Hernández Morales, A. [@aitorehm]. (2020, 04 25). Venga, con motivo del 46º aniversario de la Revolución de los Claveles... [Tweet]. Twitter ([ligazón](#)).



Fig. 27. 25 de Abril de 1974 nunha rúa de Lisboa. Fonte: Hernández Morales, A. [@aitorehm]. (2020, 04 25). Venga, con motivo del 46º aniversario de la Revolución de los Claveles... [Tweet]. Twitter ([ligazón](#)).



Fig. 28. Paço dos Duques de Bragança antes e depois da restauración. Fonte: SIPA ([ligazón](#))





Fig. 29. Planta e alzado de São Pedro de Lourosa antes da reconstrução. Fonte: Urbipedia (Archivo de Arquitectura) ([ligazón](#)).




Fig. 30. Proposta de Korrodi de planta basilical para São Frutuoso de Montélios. Fonte: Brito, M.M. (2001) As fases do restauro da Capela de S. Frutuoso de Montélios. A fragilidade da reintegração nacionalista face à evolução historiográfica.



Fig. 31. Labores de «desobstrução» de São Frutuoso de Montélios. Fonte: Brito, M.M. (2001) As fases do restauro da Capela de S. Frutuoso de Montélios. A fragilidade da reintegração nacionalista face à evolução historiográfica.

Arquitectura altomedieval en Portugal. Construcción e reconstrucción
Antonio Gómez Vázquez




Fig. 32. Planta e alzado actuais de São Frutuoso de Montélios. (As columnas e cubertas dos ábsides non chegaron a ser reconstruídas). Fonte: Ferreira, R. A Capela de S. Frutuoso.



Fig. 33. Cubertas contemporáneas de São Frutuoso de Montélios durante as labores de reconstrucción. Fonte: SIPA ([ligazón](#))